“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 8 de marzo de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CQXH7HNOKLHN6WMEREF2AIQ.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7CQCBD FEG45KWD2MQD6MKAI4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7CQCA4EEV6ZFOZYIEB6MPQ44.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7CQKDCJB7DR2Z2WRG5EQ2AH4.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7CQK DZF772LO7YQM UH6EJWEM.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CQKK6ZINSLKG6Y7WGIDRWE4.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7CQIBCHA4433PC4UUGCZLQOQ.

Acordo da Xunta de Goberno de data 21 de xaneiro de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7C SSP5ZMPLRD6J2XW477ZAIY.

Acta da Mesa de Contratación do día 18 de febreiro de 2022, con CSV: IV7C6GPTNXV5RBE2TU6SM72AC4 que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación do servizo de servizo de ensilado de herba na Granxa Provincial Gayoso Castro. 2022/CON\_02/000002.

Primeiro.- Aclaración do acto de apertura en acto público celebrado o 15 de febreiro de 2022.

Segundo.- Valoración ofertas económicas relativas aos criterios cuantificables automaticamente.

Terceiro.- Mellor valorado - Requirimento de documentación.

Primeiro.- Aclaración do acto de apertura en acto público celebrado o 15 de febreiro de 2022.

Co fin de emendar o erro manifestado en acto público celebrado o 15 de febreiro de 2022 na que se excluía do procedemento de xeito indebido a empresa T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo, S.L., celébrase de novo o referido acto dando conta, que examinada de novo a documentación relativa ao Anexo II sobre os criterios de adxudicación avaliábeis mediante fórmulas matemáticas ou avaliábeis de forma automática, recollidos no PCAP, resulta o que se indica a continuación:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA €/hectárea ensilada	
	CON IVE	SEN IVE
AGRÍCOLA EUSTAQUIO, S.L.	242,00 €	220 €
T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.	313,50 €	285 €

Polo que ningunha das ofertas supera o importe máximo de licitación de 290 € sen IVE.

Acto seguido, efectuouse á comprobación das ofertas por se algunha das propostas estivera incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 13 do PCAP respecto do artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, detectándose que a oferta presentada por Agrícola Eustaquio, S.L. é



anormalmente baixa, posto que ao concorrer dous licitadores a oferta desta é inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta, concretamente un 22,81 %.

Dado que nestas licitacións tramitadas por procedemento simplificado abreviado “sumario”, o artigo 159.4 da LCSP permite que se acumule, respecto do licitador que obtivo mellor puntuación, neste caso Agrícola Eustaquio, S.L. a solicitude de documentación que non conste nos rexistros de licitadores, co trámite de xustificación da oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

No caso de que a empresa proposta, en tanto que presenta a mellor oferta, non xustifique a súa proposición e sexa excluída, pasará ao seguinte licitador. Neste caso, convocaríase unha nova mesa de contratación.

De xustificar, adecuadamente, a oferta presentada, en termos que deba ser admitida a súa proposición, continuarase coa tramitación, aos efectos de adxudicar e formalizar o contrato.

Conforme á cláusula 17.1 do PCAP, no caso de que sexa precisa documentación adicional á existente nos rexistros públicos, que complementa á información extraída da consulta do Rexistro de Licitadores, de cara a verificar a capacidade para contratar, aplicarase o previsto nos artigos 65 a 73 da LCSP. A estes efectos, e para complementar, unicamente, a información reportada por algún dos Rexistros de Licitadores de referencia por existir algunha dúbida, a Mesa de Contratación poderá requirir (no prazo de sete días hábiles previsto no artigo 159.4 da LCSP) dita documentación.

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

De conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Agrícola Eustaquio, S.L. para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desagregue razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: “... en particular no que se refire ao aforro que permita o

procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado”, ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

Requirir á empresa Agrícola Eustaquio, S.L. para que, no prazo de sete días hábiles, achegue a documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou fose precisa documentación adicional á existente nos rexistros públicos, que complemente á información extraída da consulta do Rexistro de Licitadores Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acto, por tratarse de un acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

A Mesa de contratación faculta ao Servizo de Contratación para recabar todos os informes, certificados e bastanteos que sexan necesarios para a adxudicación.”

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 8 de marzo, aos efectos de examinar a xustificación da oferta anormalmente baixa presentada por Agrícola Eustaquio, S.L. e a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase:



Que o 25 de febreiro de 2021 deuse traslado á empresa Agrícola Eustaquio, S.L. do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa, procedendo a presentar dita xustificación en prazo, en concreto o 2 de marzo de 2022.

Dna. Sonia Verdes Gil, directora da Granxa Gayoso Castro dependente da Deputación de Lugo, emitiu informe, con CSV IV7CY6DNBT5L7K4ZWY7F74LQ4Q, no que conclúe: "... considérase suficientemente xustificado o baixo nivel de prezos presentado polo licitador Agrícola Eustaquio, S.L. da súa oferta correspondente á Contratación do servizo de ensilado de herba na Granxa Provincial Gayoso Castro...".

A Mesa acorda facer seu o informe da Granxa Gayoso Castro e aceptar a xustificación da oferta por unanimidade dos presentes.

Que non foi preciso requirir a documentación ao licitador Agrícola Eustaquio, S.L., posto que se puido extraer da consulta efectuada no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), na Axencia Tributaria Estatal (AEAT), na Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS) e na Deputación Provincial de Lugo.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación consultada é correcta.

A Mesa de Contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Aceptar a xustificación da oferta e a documentación consultada de Agrícola Eustaquio, S.L. e considerala completa.

Adxudicar á empresa Agrícola Eustaquio, S.L., con CIF: B27479781, a contratación do servizo de ensilado de herba na Granxa Provincial Gayoso Castro por importe máximo de 27.550,00 euros, aos que se engadirán 2.755,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total

de 30.305,00 euros comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un prezo por hectárea ensilada de 220,00 euros sen IVE.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Agrícola Eustaquio, S.L. a contratación do servizo de ensilado de herba na Granxa Provincial Gayoso Castro, por un prezo unitario de 220€/ha máis IVE (10%). O orzamento máximo deste contrato é polo importe de 27.550,00 euros, aos que se engadirán 2.755,00 euros en concepto de IVE, ascendendo a un importe total de 30.305,00 euros, a executar nos prazos e condicións previstos nos pregos, financiándose de acordo o seguinte detalle:

APLICACIÓN	IMPORTE	IVE 10%	TOTAL	RC
4120.22799	27.550,00	2.755,00	30.305,00	220220/224

O gasto financiarase con cargo o orzamento do ano 2022.

**2º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**3º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DOS LOTES 3, 4 E 5 DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da Mesa de contratación do día 03 de marzo de 2022, na que se recolle os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Solicitude de consignación orzamentaria, con CSV: IV7E2YPPNHW7X5MOU34NO5IFCI.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E2HB7FPZ5UVFOZRUGMDR76U.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7E2HTOPPX3TVBO6UAUN5HTGE.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7E2HJ7ZNRCTJNKQN7AMJHPE4.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7E2KX4JXRTWXNOUTVCAFCQ6L.

Informe da Secretaría Xeral, con CSV: IV7E2HT4DJMZ5FG7QUNEG7YOOQ.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7E2K2P3YWOT343CRXX6ERVBY.

Acordo de Xunta de Goberno do día 30 de xullo de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7E3WC3PMEKSTZY6ZAFQC7A7Y.

Anuncio de licitación enviado ao Diario Oficial da Unión Europea o día 17 de agosto de 2021.

Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 19 de agosto de 2021.

Resolución da Presidencia do día 06 de setembro de 2021, con CSV: IV7FVWSSJRXLXOVL3V6MB5RXBY, pola que se suspende o prazo para presentar proposicións.

Recurso especial en materia de contratación, interposto pola Asociación Profesional de Empresas de Limpieza o día 07 de setembro de 2021.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7FQ4KTNB57XO76UHQEK3ST74.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7FQ4JKOAOL7KPC67U5CLTGGU.

Prego de cláusulas administrativas, con CSV: IV7FQ4J2FT5J5XNO4ZXEKEKQKU.

Acordo de Xunta de Goberno do día 24 de setembro de 2021, con CSV: IV7FQD74JYBSVZPTWIXQCUAROY, polo que se aproba a rectificación da memoria xustificativa, prego de prescricións técnicas e pregos de cláusulas administrativas.

Acordo de Xunta de Goberno do día 24 de setembro de 2021, con CSV: IV7FQD77JM4N5XG66XXBFZBROM, polo que se aproba o Informe do Órgano de Contratación relativo ao recurso especial en materia de contratación.

Resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se inadmite o recurso interposto pola Asociación Profesional de Empresas de Limpieza (ASPEL).

Anuncio de licitación, remitido ao Diario Oficial da Unión Europea o día 30 de setembro de 2021.

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 04 de novembro de 2021, con CSV: IV7FYWAYFNH2TJBKJCJGB472BOU, na que se recolle o seguinte:

Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

Lote 1: Pazo Provincial

LOTE 1: PAZO PROVINCIAL	MANTELNOR LIMPIEZAS S.L. REALAN SERVICES S.L.
-------------------------	--





Lote 2: (Granxa Provincial Gayoso Castro, Granxa Experimental, Arquivo e Talleres, Parque Móbil/ Centro de Producción Audiovisual, Centro de Formación Audiovisual (antigua Escola de Imaxe e Son), Centro de Interpretación e Cestería), edificio nº 11 da rua San Marcos (Antiga Suplusa).

LICITADORES LOTE 2	EULEN S.A.
	MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.
	REALAN SERVICES S.L.

Lote 3: Pazo dos Deportes e Escola de Piraguismo.

LICITADORES LOTE 3	MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.
--------------------	--------------------------

Lote 4: Red Museística Provincial (Museo Provincial Lugo, Pazo de Tor (todo o recinto), Museo do Mar e Museo San Paio de Narla.

LICITADORES LOTE 4	EULEN S.A.
	LIMPERGAL S.L.
	MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.
	ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.
	REALAN SERVICES S.L.

Lote 5: Recinto do Fogar de Santa María.

LICITADORES LOTE 5	EULEN S.A.
	ITMA S.L.U.
	MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.
	ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.
	REALAN SERVICES S.L.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, á mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á calificación dos sobres electrónicos A, resultando que todas as empresas concorrentes presentaron o Anexo I, de conformidade co esixido nos pregos.

A continuación procédese á apertura en acto público do sobres B, relativo aos criterios de adjudicación basados en xuízos de valor. Contrastado pola mesa que ningunha das propostas presentadas sobrepasa o número máximo de páxinas recollido nos pregos reitores da contratación, e un somero análise, acórdase enviar a documentación contida nos sobres B presentados polas licitadoras a informe e valoración da Unidade de Vixiancia e Portería e do Servizo de Medio Ambiente.

Informe avaliador dos criterios sometidos a xuízo de valor, con CSV: IV7FGL27ZRZSURF56MPB4D3FA4.

Acta da mesa de contratación do día 17 de decembro de 2021, con CSV: IV7FGPCDFM6Y3XGN23QACUTQ4Q, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar dáse conta aos asistentes do informe avaliador dos criterios sometidos a xuízo de valor, con CSV: IV7FGL27ZRZSURF56MPB4D3FA4, que forma parte do expediente, no que se avalían as ofertas. Debido ao pouco tempo que mediou entre a emisión do informe e a celebración da mesa de contratación, e tendo en conta a extensión do informe técnico, a mesa de contratación acorda adiar a valoración do informe técnico avaliador dos criterios sometidos a xuízo de valor e a apertura dos sobres C, co obxecto de completa lectura e estudo do informe, dando conta en acto público da dita decisión”

Acta da mesa de contratación do día 22 de decembro de 2021, con CSV: IV7CU3R5HFHSL5O7CDVEEXZRF4, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar dáse conta aos asistentes do informe avaliador dos criterios sometidos a xuízo de valor, con CSV: IV7FGL27ZRZSURF56MPB4D3FA4, que forma parte do expediente, no que se avalían as ofertas.

Considerando a mesa de contratación que no informe presentado resulta preciso aclarar o resultado da avaliación das ofertas en función da motivación expresada, acorda solicitar informe técnico complementario ao Servizo de Medio Ambiente e á Unidade de Portería e Vixiancia, e adiar a apertura dos sobres C, dando conta en acto público da dita decisión.”

Acta da mesa de contratación do día 30 de decembro de 2021, con CSV: IV7CQTTM34E6ZJHZWVVT6YPWKA, na que se recolle o seguinte:

En primeiro lugar dáse conta aos asistentes do informe avaliador dos criterios sometidos a xuízo de valor, con CSV: IV7FGL27ZRZSURF56MPB4D3FA4 e do informe complementario con CSV: IV7CUKLCCEGOVVFOU55GENHSBY, que forman parte do expediente, no que se



recollen as puntuacións outorgadas a cada licitador en cada criterio de adxudicación e a motivación das mesmas, no que constan os seguintes cadros resumo:

Lote 1:

Empresas licitadoras	RESULTADOS DA VALORACIÓN DA PROPOSTA TÉCNICA NAS MATERIAS REQUIRIDAS.		Puntuación total obtida (puntos)
	3. Maquinaria e materiais (ata 3 puntos).	5. Xestión de residuos (ata 2 puntos.)	
MANTELNOR S.L	2,5	1	3,5ptos.
REALAN SERVICES S.L	2,0	0,5	2,5 ptos.

Lote 2:

Empresas licitadoras	RESULTADOS DA VALORACIÓN DA PROPOSTA TÉCNICA NAS MATERIAS REQUIRIDAS.		Puntuación total obtida (puntos)
	3. Maquinaria e materiais (ata 3 puntos).	5. Xestión de residuos (ata 2 puntos.)	
GRUPO EULEN	2,5	2	4,5 ptos.
MANTELNOR S.L	2,0	1	3,00 ptos.
REALAN SERVICES S.L	1,5	0,5	2,0 ptos.

Lote 3:

Empresas licitadoras	RESULTADOS DA VALORACIÓN DA PROPOSTA TÉCNICA NAS MATERIAS REQUIRIDAS.		Puntuación total obtida (puntos)
	3. Maquinaria e materiais (ata 3 puntos).	5. Xestión de residuos (ata 2 puntos.)	
MANTELNOR S.L	2,5	1	3,5 ptos.

Lote 4:

Empresas licitadoras	RESULTADOS DA VALORACIÓN DA PROPOSTA TÉCNICA NAS MATERIAS REQUIRIDAS.		Puntuación total obtida (puntos)
	3. Maquinaria e materiais (ata 3 puntos).	5. Xestión de residuos (ata 2 puntos.)	
GRUPO EULEN	2,5	2	4,5 ptos.
GRUPO LIMPERGAL	2,0	1,5	3,5 ptos.
MANTELNOR S.L	1,5	1	2,5 ptos.
ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.	1,5	1	2,5 ptos.
REALAN SERVICES S.L	0,5	0,5	1 pto.

Lote 5:

Empresas licitadoras	RESULTADOS DA VALORACIÓN DA PROPOSTA TÉCNICA NAS MATERIAS REQUIRIDAS.		Puntuación total obtida (puntos)
	3. Maquinaria e materiais (ata 3 puntos).	5. Xestión de residuos (ata 2 puntos.)	
GRUPO EULEN	2,5	2	4,50 ptos.
GRUPO ITMA	2,0	0,5	2,50 ptos.
MANTELNOR S.L.	1,5	1	2,5 ptos.
ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.	2,0	1	3,00 ptos.
REALAN SERVICES S.L	0,5	0,5	1,00 ptos.

A Mesa de Contratación acorda aceptar o informe técnico e facelo seu, procedendo a continuación á lectura – en acto público - das puntuacións acadadas polos licitadores concorrentes nos criterios de adxudicación sometidos a xuízo de valor.

Acto seguido procédese á apertura dos sobres “C”, cos seguintes resultados:

LOTE 1: PAZO PROVINCIAL			
LICITADORES	PREZO OFERTADO	BOSA DE HORAS	PLAN DE FORMACIÓN
MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	312.284,58 €	1825	10
REALAN SERVICES S.L.	301.411,00 €	1825	10
LOTE 2: ARQUIVO E MANTEMENTO CENTRO DE INTERPRETACIÓN CENTRO DE CESTERÍA GRANXA GAIOSO CASTRO GRANXA EXPERIMENTAL CENTRO DE FORMACIÓN AUDIOVISUAL (ANTIGA ESCOLA DE IMAXE E SON) PARQUE MÓBIL E CENTRO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL EDIFICIO Nº11 RÚA SAN MARCOS (ANTIGA SUPLUSA)			
LICITADORES	PREZO OFERTADO	BOSA DE HORAS	PLAN DE FORMACIÓN
EULEN S.A.	153.529,64 €	1008	10
MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	147.221,25 €	1008	10
REALAN SERVICES S.L.	152.581,00 €	1008	10
LOTE 3: PAZO DOS DEPORTES E ESCOLA DE PIRAGUISMO			
LICITADORES	PREZO OFERTADO	BOSA DE HORAS	PLAN DE FORMACIÓN
MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	235.940,96 €	1495	10
LOTE 4: MUSEO PROVINCIAL, PAZO DE TOR MONFORTE DE LEMOS, MUSEO DO MAR SAN CIPRIÁN, FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA			
LICITADORES	PREZO OFERTADO	BOSA DE HORAS	PLAN DE FORMACIÓN
EULEN S.A.	238.370,00 €	1500	10
LIMPERGAL S.L.	247.003,35 €	0	0
MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	242.131,91 €	1500	10
ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.	236.683,62 €	1500	10
REALAN SERVICES S.L.	236.313,00 €	1500	10
LOTE 5: RECINTO DO FOGAR DE SANTA MARÍA			
LICITADORES	PREZO OFERTADO	BOSA DE HORAS	PLAN DE FORMACIÓN
EULEN S.A.	257.730,00 €	1622	10
ITMA S.L.U.	249.199,32 €	1622	15
MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	252.848,98 €	1662	10
ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.	252.115,60 €	1622	10
REALAN SERVICES S.L.	267.531,00 €	1622	10

Pola mesa detectouse a necesidade de facer os seguintes axustes que se corresponden con operacións de aproximación aritmética de decimais sen alteración do ofertado nin das puntuacións que resultan da aplicación das fórmulas previstas no PCAP:

Lote 2:

Oferta presentada por Eulen S.A.: 126.844,00 euros, aos que se engadirán 26.645,64 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 153.529,64 euros. Axústase a oferta como segue: 126.883,99 euros, aos que se engadirán 26.645,64 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 153.529,63 euros.



Oferta presentada por Mantelnor: 121.670,45 euros, aos que se engadirán 25.550,80 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 147.221,25 euros. Axústase a oferta como segue: 121.670,45 euros, aos que se engadirán 25.550,81 euros en concepto de IVE, o ascende a un total de 147.221,26.

Lote 3:

Oferta presentada por Mantelnor S.A.: 194.992,53 euros, aos que se engadirán 40.948,43 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 235.940,96 euros. Axústase a oferta como segue: 194.992,53 euros, aos que se engadirán 40.948,44 euros, o que ascende a un total de 235.940,97 euros.

Lote 4:

Oferta presentada por Limpergal S.L.: 204.135,00 euros aos que se engadirán 42.868,35 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 247.003,35 euros. Axústase a oferta como segue: 204.135,00 euros aos que se engadirán 42.868,36 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 247.003,36 euros.

Oferta presentada por Mantelnor S.L.: 200.109,02 euros, aos que se engadirán 42.022,89 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 242.131,91 euros. Axústase a oferta como segue: 200.109,01 euros, aos que se engadirán 42.022,89 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 242.131,90 euros.

Oferta presentada por Onet Iberia Soluciones S.A.U.: 195.606,30 euros, aos que se engadirán 41.077,31 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 236.683,61 euros. Axústase a oferta como segue: 195.606,30 euros, aos que se engadirán 41.077,32 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 236.683,62 euros.

Oferta presentada pola empresa Realan Services S.L.: 195.300,00 euros aos que se engadirán 41.013,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 236.313,00 euros. Axústase a oferta a 236.312,98 euros, resultado de sumar os importes unitarios ofertados.

Lote 5:

Oferta presentada pola empresa ITMA S.L.U.: 205.949,85 euros, aos que se engadirán 43.249,47 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 249.199,32. Axúste a oferta a 205.949,86 euros, aos que se engadirán 43.249,48 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 249.199,34 euros.

Oferta presentada pola empresa Mantelnor Limpiezas S.L.: 208.966,10 euros aos que se engadirán 43.882,88 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 252.848,98 euros. Axústase a oferta a 208.966,10 euros aos que se engadirán 43.882,89 euros, o que ascende a un total de 252.848,99 euros.

A Mesa de Contratación califica os erros detectados como meros erros aritméticos, procedendo a súa corrección, e incluíndo o importe correcto no cadro que se reproduce acto seguido, seguindo así os mesmos criterios que en casos similares acaecidos con anterioridade e en base igualmente a diversos pronunciamentos dos TARC.

Da aplicación das fórmulas matemáticas recollidas no cadro resumo do PCAP, obtéñense as seguintes puntuacións:

LOTE 1: PAZO PROVINCIAL			
LICITADORES	PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO	PUNTUACIÓN BOSA DE HORAS	PUNTUACIÓN PLAN DE FORMACIÓN
MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	57,91	30	5
REALAN SERVICES S.L.	60	30	5
LOTE 2: ARQUIVO E MANTEMENTO CENTRO DE INTERPRETACIÓN CENTRO DE CESTERÍA GRANXA GAIOSO CASTRO GRANXA EXPERIMENTAL CENTRO DE FORMACIÓN AUDIOVISUAL (ANTIGA ESCOLA DE IMAXE E SON) PARQUE MÓBIL E CENTRO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL EDIFICIO Nº11 RÚA SAN MARCOS (ANTIGA SUPLUSA)			
LICITADORES	PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO	PUNTUACIÓN BOSA DE HORAS	PUNTUACIÓN PLAN DE FORMACIÓN
EULEN S.A.	57,53	30	0 <sup>3</sup>
MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	60	30	5
REALAN SERVICES S.L.	57,89	30	5
LOTE 3: PAZO DOS DEPORTES E ESCOLA DE PIRAGUISMO			

<sup>3.2.3</sup> Non procede puntuación de conformidadeco apartado “q” do cadro resumo, posto que non achega plan de formación.



LICITADORES	PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO	PUNTUACIÓN BOSA DE HORAS	PUNTUACIÓN PLAN DE FORMACIÓN
MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	60	30	5
LOTE 4: MUSEO PROVINCIAL, PAZO DE TOR MONFORTE DE LEMOS, MUSEO DO MAR SAN CIPRIÁN, FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA			
LICITADORES	PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO	PUNTUACIÓN BOSA DE HORAS	PUNTUACIÓN PLAN DE FORMACIÓN
EULEN S.A.	59,48	30	0 <sup>1</sup>
LIMPERGAL S.L.	57,4	0	0
MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	58,56	30	5
ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.	59,91	30	5
REALAN SERVICES S.L.	60	30	5
LOTE 5: RECINTO DO FOGAR DE SANTA MARÍA			
LICITADORES	PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO	PUNTUACIÓN BOSA DE HORAS	PUNTUACIÓN PLAN DE FORMACIÓN
EULEN S.A.	58,01	30	0 <sup>5</sup>
ITMA S.L.U.	60	30	5
MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	59,13	30	5
ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.	59,31	30	5
REALAN SERVICES S.L.	55,89	30	5

Da suma das puntuacións acadadas polos licitadores nos sobres “B” e “C”, resultan as seguintes puntuacións totais:

LOTE 1: PAZO PROVINCIAL			
LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRES B	PUNTUACIÓN SOBRES C	TOTAL PUNTUACIÓN
MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	3,5	92,91	96,41
REALAN SERVICES S.L.	2,5	95	97,5
LOTE 2: ARQUIVO E MANTEMENTO CENTRO DE INTERPRETACIÓN CENTRO DE CESTERÍA GRANXA GAIOSO CASTRO GRANXA EXPERIMENTAL CENTRO DE FORMACIÓN AUDIOVISUAL (ANTIGA ESCOLA DE IMAXE E SON) PARQUE MÓBIL E CENTRO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL EDIFICIO Nº11 RÚA SAN MARCOS (ANTIGA SUPLUSA)			
LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRES B	PUNTUACIÓN SOBRES C	TOTAL PUNTUACIÓN
EULEN S.A.	4,5	87,53	92,03
MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	3	95	98
REALAN SERVICES S.L.	2	92,89	94,89
LOTE 3: PAZO DOS DEPORTES E ESCOLA DE PIRAGUISMO			
LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRES B	PUNTUACIÓN SOBRES C	TOTAL PUNTUACIÓN
MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	3,5	95	98,5
LOTE 4: MUSEO PROVINCIAL, PAZO DE TOR MONFORTE DE LEMOS, MUSEO DO MAR SAN CIPRIÁN, FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA			
LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRES B	PUNTUACIÓN SOBRES C	TOTAL PUNTUACIÓN
EULEN S.A.	4,5	89,48	93,98
LIMPERGAL S.L.	3,5	57,4	60,9
MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	2,5	93,56	96,06
ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.	2,5	94,91	97,41
REALAN SERVICES S.L.	1	95	96

LOTE 5: RECINTO DO FOGAR DE SANTA MARÍA			
LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRES B	PUNTUACIÓN SOBRES C	TOTAL PUNTUACIÓN
EULEN S.A.	4,5	88,01	92,51
ITMA S.L.U.	2,5	95	97,5
MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	2,5	94,13	96,63
ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.	3	94,31	97,31
REALAN SERVICES S.L.	1	90,89	91,89

Unha vez feita a comprobación de que ninguna das propostas presentadas incorre en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, a mesa de contratación acorda, proponer ao Ilmo. Sr. Presidente que adopte a seguinte Resolución:

1º.- Clasificar as ofertas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

LOTE 1: PAZO PROVINCIAL				
Nº ORDE	LICITADORES	NOTA SOBRES B	NOTA SOBRES C	TOTAL NOTAS
1	REALAN SERVICES S.L.	2,5	95	97,5
2	MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	3,5	92,91	96,41
LOTE 2: ARQUIVO E MANTEMENTO CENTRO DE INTERPRETACIÓN CENTRO DE CESTERÍA GRANXA GAIOSO CASTRO GRANXA EXPERIMENTAL CENTRO DE FORMACIÓN AUDIOVISUAL (ANTIGA ESCOLA DE IMAXE E SON) PARQUE MÓBIL E CENTRO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL EDIFICIO Nº11 RÚA SAN MARCOS (ANTIGA SUPLUSA)				
Nº ORDE	LICITADORES	NOTA SOBRES B	NOTA SOBRES C	TOTAL NOTAS
1	MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	3	95	98
2	REALAN SERVICES S.L.	2	92,89	94,89
3	EULEN S.A.	4,5	87,53	92,03
LOTE 3: PAZO DOS DEPORTES E ESCOLA DE PIRAGUISMO				
Nº ORDE	LICITADORES	NOTA SOBRES B	NOTA SOBRES C	TOTAL NOTAS
1	MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	3,5	95	98,5
LOTE 4: MUSEO PROVINCIAL, PAZO DE TOR MONFORTE DE LEMOS, MUSEO DO MAR SAN CIPRIÁN, FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA				
Nº ORDE	LICITADORES	NOTA SOBRES B	NOTA SOBRES C	TOTAL NOTAS
1	ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.	2,5	94,91	97,41
2	MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	2,5	93,56	96,06
3	REALAN SERVICES S.L.	1	95	96
4	EULEN S.A.	4,5	89,48	93,98
5	LIMPERGAL S.L.	3,5	57,4	60,9
LOTE 5: RECINTO DO FOGAR DE SANTA MARÍA				
Nº ORDE	LICITADORES	NOTA SOBRES B	NOTA SOBRES C	TOTAL NOTAS
1	ITMA S.L.U.	2,5	95	97,5
2	ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.	3	94,31	97,31
3	MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	2,5	94,13	96,63
4	EULEN S.A.	4,5	88,01	92,51
5	REALAN SERVICES S.L.	1	90,89	91,89

2º.- Requerir ás empresas que se relacionan acto seguido para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten – para o lote correspondente - a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula





décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

	LICITADOR	GARANTÍA
LOTE 1	REALAN SERVICES S.L.	12.455,00 €
LOTE 2	MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	6.083,52 €
LOTE 3	MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	9.749,63 €
LOTE 4	ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.	9.780,32 €
LOTE 5	ITMA S.L.U.	10.297,49 €

Resolución da Presidencia do día 17 de xaneiro de 2022, con CSV: IV7CQCZTPNGI7K5T276XIBZX4E, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, se clasifica aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP aos mellor clasificados para cada lote.

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 19 de xaneiro de 2022.

Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da mesa de contratación do día 07 de febreiro de 2022, con CSV: IV7C4227HYOO5P5ISIP4A4YOII , na que se recolle o seguinte:

Respecto da documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP e no artigo 150 da LCSP, unha vez facilitada de xeito electrónico aos membros da mesa de contratación, se detecta o seguinte:

Lote 1 – Pazo Provincial.

A clasificación achegada pola empresa RealanServices S.L. non é suficiente para acreditar a solvencia económica, técnica e financeira mínima esixida no PCAP, e se atopa suspendida.

Non concreta os medios materiais adscritos á execución do contrato, segundo o disposto na cláusula 1.4 do PPT.

Lote 2: Arquivo e Mantemento, Centro de Interpretación, Centro de Cestería, Granxa Gaioso Castro, Granxa Experimental, Centro de Formación Audiovisual (Antiga Escola de Imaxe e Son), Parque Móbil e Centro de Producción Audiovisual e edificio nº11 rúa San Marcos (antiga Suplusa).

A empresa Mantelnor Limpiezas S.L., non concreta os medios materiais adscritos á execución do contrato, segundo o disposto na cláusula 2.3 do PPT.

Lote 3: Pazo de Deportes e Escola de Piraguismo.

A empresa Mantelnor Limpiezas S.L., non concreta os medios materiais adscritos á execución do contrato, segundo o disposto na cláusula 3.3 do PPT.

Lote 4: Museo Provincial, Pazo de Tor- Monforte, Museo do Mar e Museo San Paio de Narla.

A empresa Onet Iberia Soluciones S.A.U. non concreta os medios materiais adscritos á execución do contrato, segundo o disposto na cláusula 4.5 do PPT.

Lote 5: Recinto do Fogar de Santa María.

A proposta presentada pola empresa Itma S.L.U. asína Dona Yolanda Rodríguez Díaz, figurando no rolece como administradora única da sociedade Dna. Yolanda Rodríguez Ordiz.



A declaración responsable da vixencia dos datos que constan no rolece asínaa Dna. Sonia Fernández Díaz, sin que conste bastanteodésta para representar á sociedade nas súas relacións coa Deputación Provincial de Lugo.

Igualmente debe concretar os medios materiais adscritos á execución do contrato, de conformidade co disposto na cláusula 4.5 do PPT

A mesa de contratación califica os erros detectados como subsanables, polo que acorda, de conformidade co disposto no artigo 141.2 “in fine” da LCSP, por unanimidade dos seus integrantes o seguinte:

Lote 1 - Pazo Provincial.

Requirir á empresa Realan Services S.L. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

1. Acreditación da solvencia económica, técnica e financeira polos medios recollidos no apartado “S.1” e “S.2” do cadro resumo, ou clasificación no grupo U, Subgrupo 1, Categoría 2 ou superior.

2. Concreción dos medios materiais adscritos á execución do contrato, de conformidade co disposto na cláusula 1.4 do PPT (especificando cantidade, marca, modelo e características das seguintes máquinas):

Carro de limpeza completo para cada traballador/a.

Enfundador de paraguas.

Contenedores de recollida selectiva

Aspirador de po de tipo industrial de potencia superior, que deberá haber en cada un dos edificios e outras dependencias provinciais.

Máquina abrillantadora-decapadora de tipo industrial.

Máquina aspiradora de líquidos de tipo industrial.

Máquina fregadora automática de tipo industrial.

Aspirador de po-auga de tipo industrial.

Equipo para a limpeza e lavado de exteriores a presión de tipo industrial.

Equipo completo para a limpeza de cristais.

Máquina xeradora de vapor de tipo industrial.

Lote 2: Archivo e Mantemento, Centro de Interpretación, Centro de Cestería, Granxa Gaioso Castro, Granxa Experimental, Centro de Formación Audiovisual (Antiga Escola de Imaxe e Son), Parque Móbil e Centro de Producción Audiovisual e edificio nº11 rúa San Marcos (Antiga SUPLUSA).

Requirir á empresa Mantelnor Limpiezas S.L para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

A empresa., debe concretar os medios materiais adscritos á execución do contrato, de conformidade co disposto na cláusula 2.3 do PPT (especificando cantidade, marca, modelo e características das seguintes máquinas):

Carro de limpeza completo para cada traballador/a.

Enfundador de paraguas.

Aspirador de po de tipo industrial de potencia superior, que deberá haber en cada un dos edificios e outras dependencias provinciais.

Máquina abrillantadora- decapadora de tipo industrial.

Máquina aspiradora de líquidos de tipo industrial.

Máquina fregadora automática de tipo industrial.

Aspirador de po-auga de tipo industrial.

Equipo para a limpeza e lavado de exteriores a presión de tipo industrial.

Equipo completo para a limpeza de cristais.

Máquina xeradora de vapor de tipo industrial.

Lote 3: Pazo de Deportes e Escola de Piragüismo.

Requirir á empresa Mantelnor Limpiezas S.L para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:



A empresa debe concretar os medios materiais adscritos á execución do contrato, de conformidade co disposto na cláusula 3.3 do PPT (especificando cantidade, marca, modelo e características das seguintes máquinas):

Carro de limpeza completo para cada traballador/a.

Enfundador de paraguas.

Aspirador de po de tipo industrial de potencia superior, que deberá haber en cada un dos edificios e outras dependencias provinciais.

Máquina abrillantadora- decapadora de tipo industrial.

Máquina aspiradora de líquidos de tipo industrial.

Máquina fregadora automática de tipo industrial.

Aspirador de po-auga de tipo industrial.

Equipo para a limpeza e lavado de exteriores a presión de tipo industrial.

Equipo completo para a limpeza de cristais.

Máquina xeradora de vapor de tipo industrial.

Lote 4: Museo Provincial, Pazo de Tor- Monforte, Museo do Mar e Museo San Paio de Narla.

Requirir á empresa Onet Iberia Soluciones S.A.U. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

A empresa debe concretar os medios materiais adscritos á execución do contrato, de conformidade co disposto na cláusula 4.5 do PPT (especificando cantidade, marca, modelo e características das seguintes máquinas):

Carro de limpeza completo para cada traballador/a.

Enfundador de paraguas.

Aspirador de po de tipo industrial de potencia superior, que deberá haber en cada un dos edificios e outras dependencias provinciais.

Máquina abrillantadora- decapadora de tipo industrial.

Máquina aspiradora de líquidos de tipo industrial.  
Máquina fregadora automática de tipo industrial.  
Aspirador de po-auga de tipo industrial.  
Equipo para a limpeza e lavado de exteriores a presión de tipo industrial.  
Equipo completo para a limpeza de cristais.  
Máquina xeradora de vapor de tipo industrial.

Lote 5: Recinto do Fogar de Santa María.

Requirir á empresaempresa Itma S.L.U. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

Debe aclarar se a asinante da proposta é DnaYolanda Rodríguez Díaz ou Dna. Yolanda Rodríguez Ordiz e achegar fotocopia do DNI desta. Asimesmo debe achegar bastanteo da asinante das declaracións responsables Dna. Sonia Fernández Díaz ou achegar ditas declaracións responsables asinadas pola administradora única da empresa.

Debe concretar os medios materiais adscritos á execución do contrato, de conformidade co disposto na cláusula 4.5 do PPT (especificando cantidade, marca, modelo e características das seguintes máquinas):

Carro de limpeza completo para cada traballador/a.

Enfundador de paraguas.

Aspirador de po de tipo industrial de potencia superior, que deberá haber en cada un dos edificios e outras dependencias provinciais.

Máquina abrillantadora-decapadora de tipo industrial.

Máquina aspiradora de líquidos de tipo industrial.

Máquina fregadora automática de tipo industrial.

Aspirador de po-auga de tipo industrial.

Equipo para a limpeza e lavado de exteriores a presión de tipo industrial.

Equipo completo para a limpeza de cristais.

Máquina xeradora de vapor de tipo industrial.



Consta no expediente requirimento de subsanación de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 08 de febreiro de 2022.

Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da mesa de contratación do día 15 de febreiro de 2022, con CSV: IV7C6ULLD454TLFS4YYXCQZHD4, na que se recolle o seguinte:

En primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que a mesa de contratación en sesión anterior acordou requirir ás empresas mellor valoradas para cada lote a subsanación da documentación administrativa presentada; cos seguintes resultados:

Lote 1:

A empresa Realan Services S.L., non subsana os erros detectados, posto que:

Non acredita a solvencia económica e financeira mínima esixida no apartado S.1 do PCAP, polos medios recollidos no referido apartado; posto que carece de soporte documental que avale a solvencia económica e financeira declarada.

Non acredita a solvencia técnica e profesional mínima esixida no apartado S.2 do PCAP, polos medios recollidos no referido apartado; posto que carece de soporte documental que avale a realización dos traballos declarados.

Polo que vai dito, a mesa de contratación propón que pola Presidencia se adopte a seguinte Resolución:

Excluir a proposta presentada pola empresa Realan Services S.L. para o lote 1 do contrato de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, por non

acreditar a solvencia económica, financiera e técnica requerida no PCAP, segundo o previsto no artigo 150 da LCSP e proceder á devolución da garantía depositada por Realan Services S.L. en concepto de garantía definitiva (Número de expediente: 122/PES/1250, número de operación: 320220000508).

Notificar ao interesado a resolución adoptada, significándolle que por tratarse dun acto de trámite dos contemplados no artigo 44.2.b da LCSP, cabe recurso especial en materia de contratación.

Requirir á empresa Mantelnor Limpiezas S.L., para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente – para o lote 1 - a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva por importe de 12.904,32 euros, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Lote 2, 3 4 e 5.

No tocante aos medios materiais adscritos á execución do contrato do resto de lotes, considera a mesa de contratación, que resulta preciso verificar que os declarados polas licitadoras mellor valoradas para cada lote son suficientes para a execución do obxecto do contrato, polo que acorda, requirir informe técnico á Unidade de Portería e Vixilancia sobre este extremo.

Dilixencia de acta de mesa de contratación, con CSV: IV7C6MDKJXVOTWJPSB5SGIHT6M, na que se recolle o seguinte:





“Na acta da sesión celebrada pola Mesa de Contratación o día 15 de febreiro de 2022, detéctase, revisando a gravación do acto, concretamente o minuto 58 da mesma, que foi dito que para o lote 5 a mesa de contratación acorda, no tocante á representación do asinante da oferta, facultar ao servizo de contratación e fomento para solicitar de oficio bastanteo de poder á Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo, e proceder á incorporación deste ao expediente, posto que a licitadora achega DNI da apoderada, escritura de outorgamento de poderes ( outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Asturias, baixo o número 707 de protocolo) e presenta – entre outros- bastanteo de poder para participar nas poxas e concursos que convoque a Administración Autónoma Galega, a través das súas Consellerías, Organismos, Entidades e Empresas.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, en primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que a mesa de contratación en sesión anterior considerou, a necesidade de verificar que os medios materiais adscritos á execución do contrato dos lotes 2,3,4 e 5 do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación de Lugo, son suficientes para a execución do obxecto do contrato, acordando a tales efectos solicitar á Unidade de Portería e Vixilancia informe avaliador de tal extremo e solicitar á Asesoría Xurídica bastanteo de poder do asinante da proposta do lote 5.

Incorporouse ao expediente bastanteo de poder para o lote 5, con CSV: IV7C6ML6KD6P53N33RW5AJIB6U.

A Unidade de Portería e Vixilancia informa o seguinte:

“Tras examinar a contestación ao requerimento de documentos de adscripción de equipos feito á empresa Mantelnor Limpiezas SL, solicito lle sea realizado un Requerimento de Aclaracións, xa que no Lote 2 non queda claro na contestación si eses medios son a maiores dos esixidos no punto 2.3 do PPT, ou son os totais a dotar nos edificios correspondentes a ese lote. Con respecto ós lotes 3, 4 e 5, o que suscribe considera que os medios materiais adscritos a execución de contrato son suficientes para a execución do mesmo.”

A mesa de contratación acepta o informe técnico e faino seu, e consecuentemente acorda:

Que polo Servizo de Contratación e Fomento, se proceda a requirir aclaracións á empresa Mantelnor Limpiezas S.L., sobre os medios materiais adscritos á execución do lote 2 do contrato do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, concedéndolle a tales efectos un prazo de tres días hábiles, dende que se curse o requirimento.

Que pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar os lotes 3, 4 e 5 do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, aos adxudicatarios e polos importes que se indican acto seguido:

LOTE	LICITADOR	IMPORTE ADXUDICACIÓN. IVE INCLUÍDO	BOLSA DE HORAS	HORAS DE FORMACIÓN HORAS ANO
LOTE 3: PAZO DOS DEPORTES E ESCOLA DE PIRAGUISMO	MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	235.940,96	1495	10
LOTE 4:RED MUSEÍSTICA PROVINCIAL (MUSEO PROVINCIAL LUGO, PAZO DE TOR (TODO O RECINTO), MUSEO DO MAR E MUSEO SAN PAIO DE NARLA	ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.	236.683,61	1500	10
LOTE 5:RECINTO DO FOGAR DE SANTA MARÍA	ITMA S .L.U	249199,32	1622	15

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar os lotes 3, 4 e 5 do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, co seguinte detalle:

LOTE	LICITADOR	IMPORTE ADXUDICACIÓN. IVE INCLUÍDO	BOLSA DE HORAS	HORAS DE FORMACIÓN HORAS ANO
LOTE 3: PAZO DOS DEPORTES E ESCOLA DE PIRAGUISMO	MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.	235.940,96	1495	10
LOTE 4:RED MUSEÍSTICA PROVINCIAL (MUSEO PROVINCIAL LUGO, PAZO DE TOR (TODO O RECINTO), MUSEO DO MAR E MUSEO SAN PAIO DE NARLA	ONET IBERIA SOLUCIONES S.A.U.	236.683,61	1500	10
LOTE 5:RECINTO DO FOGAR DE SANTA MARÍA	ITMA S .L.U	249199,32	1622	15

Tendo en conta que se prevé que o contrato entre en vigor o día 11 de abril de 2022, o importe de adxudicación distribúese atendendo ao seguinte desglose:



LOTE 3. MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.						
CENTRO	APLICACIÓN	TOTAL (IVE engadido)	IMPORTE 2022	AD/22	IMPORTE 2023	AD/23
PAZO DOS DEPORTES	3420.22700	220.773,86	159.447,77	92022/2283	61.326,09	920229/62
ESCOLA PIRAGÜISMO	3421.22700	15.167,10	10.954,06	92022/2284	4.213,04	920229/63
SUMA		235.940,96	170.401,83		65.539,13	
LOTE 4. ONET IBERIA SOLUCIONES, S.A.U.						
CENTRO	APLICACIÓN	TOTAL (IVE engadido)	IMPORTE 2022	AD/22	IMPORTE 2023	AD/23
MUSO PROVINCIAL	3330.22700	160.625,28	116.007,17	92022/2285	44.618,11	920229/64
PAZO DE TOR	3332.22700	31.678,68	22.879,08	92022/2288	8.799,60	920229/65
MUSO DO MAR	3333.22700	14.247,36	10.289,73	92022/2289	3.957,63	920229/66
SAN PAIO DE NARLA	3331.22700	30.132,29	21.762,25	92022/2290	8.370,04	920229/67
SUMA		236.683,61	170.938,23		65.745,38	
LOTE 5. ITMA, S.L.U.						
CENTRO	APLICACIÓN	TOTAL (IVE engadido)	IMPORTE 2022	AD/22	IMPORTE 2023	AD/23
S. MARÍA P1 REC.	9320.22700	83.287,96	60.152,46	92022/2291	23.135,50	920229/68
S. MARÍA P2 A. XURI.	9200.22700	26.580,44	19.197,00	92022/2292	7.383,44	920229/69
S. MARÍA P3 V.O.	4500.22700	30.127,04	21.758,47	92022/2293	8.368,57	920229/70
S. MARÍA CENTRAD	2413.22700	109.203,88	78.869,48	92022/2294	30.334,40	920229/71
SUMA		249.199,32	179.977,41		69.221,91	
TOTAL		721.823,89	521.317,47		200.506,42	

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2022, polas cantidades que se indican para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

2º.- A duración deste contrato é de un ano prorrogable anualmente sen que a duración total, incluídas as prórrogas poida exceder de catro anos (1+1+1+1). Este prazo empezará a contar a partir da subscripción da acta de inicio do contrato, que se realizará unha vez formalizado o contrato e feitos os trámites precisos para a subrogación do persoal (transcorridos como máximo quince días naturais dende que se formalice o contrato). Prevéese o inicio do contrato o día 11 de abril de 2022.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN S ESTABLECIDAS NA AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DOS CONTRATOS EXP0033SE18-ABO. LOTE 1: CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (CAM) DE TRABADA E EXP0042SE18-ABO. LOTE 1: CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (CAM) DE POL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Con relación ó asunto, da proposta, remitida documentación polo cesionario e o cedente do contrato, que consta no expediente, xunto co informe con csv IV7CYLBMDRO5KRSW4HCCMHFOQ, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, o Servizo de Benestar e igualdade, conformado pola Secretaría Xeral, respecto da autorización de cesión do contrato acordada pola xunta de goberno de data 11 de febreiro de 2022 , do seguinte teor literal:

“Antecedentes.

1.1.- Acordo da Xunta de Goberno de adxudicación do contrato a Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla-La Mancha y Galicia, de data 8 de marzo de 2019, da contratación



das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos Centros de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Trabada e Ribadeo, lote 1: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Trabada.

1.2.- Contrato asinado con data 5 de abril de 2019, e Acta de inicio do contrato que establece unha duración desde o 25 de abril de 2019 ata o 20 de xuño de 2022.

2.1.- Acordo da Xunta de Goberno de adxudicación do contrato a Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla-La Mancha y Galicia, de data 29 de marzo de 2019, da contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos Centros de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Pol e A Fonsagrada, lote 1: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Pol.

2.2.- Contrato asinado con data 6 de maio de 2019, e Acta de inicio do contrato que establece unha duración desde o 1 de xuño de 2019 ata o 20 de xuño de 2022.

3.- Solicitudes presentadas en data 22 de xaneiro de 2022, con número de rexistro 2022RT000593, pola adxudicataria dos contratos arriba mencionados, Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla-La Mancha y Galicia, de autorización de cesión da execución dos devanditos contratos á empresa Troncoso Casares, S.L. na que manifestan: “Que respecto de la capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible al cesionario, Troncoso Casares, S.L, en función de la fase de ejecución del contrato, éste manifiesta que ya obra en poder de esa Diputación Provincial al haberla aportado con fecha 27/08/2021 en el expediente número: 2021/CON\_02/000015.”

4.- Requirimento de Presidencia, con CSV IV7CS7QNNUE45C5MWX5TEIQUN4, de data 28 de xaneiro de 2022, de documentación adicional.

5.- Troncoso Casares, S.L. presentou o 1 de febreiro de 2022 a documentación solicitada, sendo esta correcta.

6.- Con data de 11 de febreiro de 2022 a Xunta de Goberno acordou:

“1. Autorizar a cesión, pola entidade Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla La Mancha y Galicia á empresa Troncoso Casares S.L., dos contratos:

Contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos Centros de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Trabada e Ribadeo, EXP0033SE18-ABO.

Lote 1: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Trabada.

Contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos Centros de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Pol e A Fonsagrada, EXP0042SE18-ABO.

Lote 1: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Pol.

Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

a) Escritura pública de formalización das cesións entre o cedente e o cesionario.

b) Resgardos acreditativos da constitución da garantía polo cesionario, polos mesmos importes que as actualmente constituídas. En tanto non se constituía a garantía polo cesionario, seguirá respondendo a constituída pola cedente.

CAM Trabada: O importe da garantía constituída ascende a 100.459,43 €.

CAM Pol: O importe da garantía constituída ascende a 103.632,99 €.”

7.- Con data de 24 de febreiro a empresa Troncoso Casares S.L remitiu as escrituras públicas de cesión dos contratos administrativos, outorgadas ante a Notaria de Ourense Dna. María Isabel Louro García, o 16 de febreiro de 2022, co número 280 (contrato CAM Pol) e 281 (contrato CAM Trabada).

8.- Constituíronse as garantías polo cesionario, Troncoso Casares S.L., polos mesmos importes que as actualmente constituídas:

CAM Trabada: O importe da garantía constituída ascende a 100.459,43 €. Nº. Operación: 320220002521, nº expediente 122/PES/3663.

CAM Pol: O importe da garantía constituída ascende a 103.632,99 €. Nº. Operación: 320220002518, 122/PES/3661.

Lexislación aplicable.



Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira. O cesionario deu cumprimento ao requirimento efectuado:

Presentou a través da sede electrónica (2022/PES\_03/003382) escrituras públicas de cesión dos contratos administrativos, outorgadas ante a Notaría de Ourense Dna. María Isabel Louro García, o 16 de febreiro de 2022, co número 280 (contrato CAM Pol) e 281 (contrato CAM Trabada).

Constituíronse as garantías polo cesionario, Troncoso Casares S.L., polos mesmos importes que as actualmente constituídas:

CAM Trabada: O importe da garantía constituída ascende a 100.459,43 €. Nº. Operación: 320220002521, nº expediente 122/PES/3663.

CAM Pol: O importe da garantía constituída ascende a 103.632,99 €. Nº. Operación: 320220002518, nº expediente 122/PES/3661.

En consecuencia, procede a devolución das garantías constituídas pola cedente, Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla La Mancha y Galicia:

CAM Trabada: O importe da garantía constituída ascende a 100.459,43 €. Nº. Operación: 320190001733.

CAM Pol: O importe da garantía constituída ascende a 103.632,99 €. Nº. Operación: 320190004447.

Segundo.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Terceiro.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Así pois, se formula a seguinte proposta de acordo:

1º.- Ter por cumprimentados os requisitos efectuados con data de 11 de febreiro de 2022 na Autorización da cesión pola entidade Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla La Mancha y Galicia á empresa Troncoso Casares S.L., dos contratos:





Contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos Centros de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Trabada e Ribadeo, EXP0033SE18-ABO. Lote 1: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Trabada.

Contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos Centros de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Pol e A Fonsagrada, EXP0042SE18-ABO. Lote 1: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Pol.

2º.- Proceder á devolución das garantías constituídas pola cedente, Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla La Mancha y Galicia:

CAM Trabada: O importe da garantía constituída ascende a 100.459,43 €. Nº. Operación: 320190001733.

CAM Pol: O importe da garantía constituída ascende a 103.632,99 €. Nº. Operación: 320190004447.”

Constando asimesmo informe favorable da Intervención, con CSV IV7CYLYILTUJRTPK2XUCCA3DEU.

Propoño á Xunta de Goberno que adopte acordo nos seguintes termos:

1º.- Ter por cumprimentados os requirimentos efectuados con data de 11 de febreiro de 2022 na Autorización da cesión pola entidade Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla La Mancha y Galicia á empresa Troncoso Casares S.L., dos contratos:

Contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos Centros de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Trabada e Ribadeo, EXP0033SE18-ABO. Lote 1: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Trabada.

Contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos Centros de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Pol e A Fonsagrada, EXP0042SE18-ABO. Lote 1: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Pol.

2º.- Proceder á devolución das garantías constituídas pola cedente, Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla La Mancha y Galicia:

CAM Trabada: O importe da garantía constituída ascende a 100.459,43 €. Nº. Operación: 320190001733.

CAM Pol: O importe da garantía constituída ascende a 103.632,99 €. Nº. Operación: 320190004447.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

**Primeiro.-** *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: MURAS.- Humanización do entorno da Praza da Galeguidade.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 25/02/2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7F4WC5ZVfy4WWSDUANAPYCIA <sup>6</sup>.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: MURAS.- Humanización do entorno da Praza da Galeguidade achegado polo Concello de Muras.

---

<sup>6</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7F46CIDNR6L6BSCP5RIJQOOU.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7F7TDPD3UL7HWDTUPREHSPA4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7F7TCIDRGPZ6PO2IUEIQ2HCQ.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7F7XPSKHRJZHFLUF7H7Z3AGA.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 05/11/2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7FY7ZIB54276JLA57VAIIWIU.

Publicación, o día 05/11/2021, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 02/12/2021, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliábeis automaticamente (sobre B), con CSV: IV7FEG7JDJGSV77L2X6D6MJEGY.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

MURAS.- HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA PRAZA DA GALEGUIDADE  
 ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO  
 CLASIFICACION EXIGIDA:  
 PRAZO DE EXECUCION:

272.525,88		
225.228,00	47.297,88	DE IVE (partida independiente)
NO 3 MESES	MAXIMO 4.504,56	2% s/ ve

EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	PRECIO (95)	P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
		PREZO ( IVE incluído - art 102 )	Oferta ( sen IVE) (MAX. 2% S/V. Estimado	Plantel / Discapacitados
1 BGNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS SL		251.089,74 €	4.504,56 €	20/0
2 CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA SL		252.222,70 €	4.504,56 €	64/0
3 CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU		240.204,31 €	4.504,56 €	98/2
4 NOVAVIAL SL		199.080,16 €	4.504,56 €	8/0
5 SERGONSA SERVICIOS SL		228.817,05 €	4.504,56 €	23/0
6 TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		264.350,10 €	826,45 €	37/2
7 UTE: OVISA-PROBISA		218.864,80 €	0,00 €	209/6
8 VILARIÑO ESP SLU		240.902,28 €	4.504,56 €	124/3

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (95)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
	Oferta	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1 BGNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS SL	251.089,74 €	27,73	4.504,56 €	5,00	32,73
2 CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA SL	252.222,70 €	26,26	4.504,56 €	5,00	31,26
3 CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU	240.204,31 €	41,81	4.504,56 €	5,00	46,81
4 NOVAVIAL SL	199.080,16 €	95,00	4.504,56 €	5,00	100,00
5 SERGONSA SERVICIOS SL	228.817,05 €	56,54	4.504,56 €	5,00	61,54
6 TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	264.350,10 €	10,58	826,45 €	0,92	11,50
7 UTE: OVISA-PROBISA	218.864,80 €	69,41	0,00 €	0,00	69,41
8 VILARIÑO ESP SLU	240.902,28 €	40,90	4.504,56 €	5,00	45,90

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS	OFERTA	MEDIA 236.941,39	NOVA MEDIA 233.025,86
	Oferta		
1 BGNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS SL	251.089,74 €	BAIXA DESPROPORCIONADA 213.247,25	NOVA BAIXA 209.723,28
2 CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA SL	252.222,70 €		
3 CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU	240.204,31 €	10% ARRIBA 260.635,53	
4 NOVAVIAL SL	199.080,16 €		
5 SERGONSA SERVICIOS SL	228.817,05 €		
6 TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	264.350,10 €		
7 UTE: OVISA-PROBISA	218.864,80 €		
8 VILARIÑO ESP SLU	240.902,28 €		

Tendo en conta que a oferta presentada pola empresa Novavial SL incorren en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que, a mesa acordou, que polo Servizo de Contratación e Fomento –Unidade de Obras e Plans-, se tramitase a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado, para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.



Acta da Mesa de Contratación con CSV IV7CQP2IBEGJ3HEO4BPFG4KXDY, reunida en acto público con data 21/01/2021, na que se deu conta do informe relativo á xustificación da baixa desproporcionada, e no que entre outros indica “A xuízo da técnica que subscribe, e en base ao establecido na cláusula décimo terceira do PCAP e o art. 149.4 da LCSP que rexen esta contratación, a documentación presentada pola mercantil Novavial S.L. non xustifica as condicións da oferta presentada en canto que os custes do capítulo de sinalización non están debidamente xustificadas.

O que se traslada á Mesa de Contratación para o seu coñecemento e toma de decisión sobre a viabilidade da execución da obra por parte da mercantil Novavial S.L.” A vista do informe, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade pedir informe complementario ao Servizo de Vías e Obras, referido a viabilidade da obra, nos termos do artigo 149 da LCSP, en función da documentación xustificativa presentada.

Acta da Mesa de Contratación con CSV IV7CSOLI34GCZGGNU44A4T7UAU, reunida en acto público con data 01/02/2021, na que se deu conta do informe complementario relativo á xustificación da baixa desproporcionada, e no que entre outros indica “(...)A xuízo da técnica que subscribe, e en base ao establecido na cláusula décimo terceira do PCAP e o art. 149.4 da LCSP que rexen esta contratación, a documentación presentada pola mercantil Novavial S.L. non xustifica as condicións da oferta presentada en canto que os custes do capítulo de sinalización non están debidamente xustificadas.

O que se traslada á Mesa de Contratación para o seu coñecemento tendo en conta que ao oferta presentada non se atopa debidamente xustificada en termos absolutos, polo lo que non queda acreditada a viabilidade da execución da oferta presentada por parte da mercantil Novavial S.L. nin desvirtuada a presunción de temeridade”.

A vista do informe, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade pedir informe complementario ao Servizo de Vías e Obras, referido a viabilidade da obra, nos termos do artigo 149 da LCSP, en función da documentación xustificativa presentada.

Tendo en conta os antecedentes, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Excluir a proposta presentada pola mercantil Novavial SL por incorrer en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa a súa oferta.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	UTE: OVISA-PROBISA	69,41
2	SERGONSA SERVICIOS SL	61,54
3	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS SLU	46,81
4	VILARIÑO ESP SLU	45,90
5	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS SL	32,73
6	CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA SL	31,26
7	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	11,50

Requirir á UTE: Ovisa-Probisa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, - sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos esixidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 9.044,00 euros, que supón o 5% do prezo de adjudicación sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 04/02/2021, con CSV: IV7CTXXLBQGIR2B3QRPQEIDWEI, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á UTE: Ovisa Pavimentos y Obras SLU- Probisa Vías y Obras SLU , para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 07/02/2022,



rematando o prazo de presentación o día 21/02/2022. A UTE: Ovisa Pavimentos y Obras SLU- Probisa Vías y Obras SLU, presentou a documentación requirida o 18/02/2022 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 25/02/2022, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a UTE: Ovisa Pavimentos y Obras SLU- Probisa Vías y Obras SLU presenta a documentación requirida en tempo.

A Mesa de Contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, incluíndo ademais copia da escritura de constitución da UTE, denominada Praza da Galeguidade, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á denominada UTE Praza da Galiguidade (Ovisa Pavimentos y Obras SLU- Probisa Vías y Obras SLU) representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro con DNI \*\*\*7191\*\*, a contratación da obra denominada Muras.- Humanización do entorno da Praza da Galeguidade no prezo de 218.864,80€, dos cales 37.984,80€ corresponden ao IVE (21%); e un prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á denominada UTE: Praza da Galeguidade (Ovisa Pavimentos y Obras SLU- Probisa Vías y Obras SLU) con CIF U09803214, representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro con DNI \*\*\*7191\*\*, a contratación da obra denominada MURAS.- Humanización do entorno da Praza da Galeguidade conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno de data 05/11/2021, no prezo de 218.864,80€, dos cales 37.984,80€ corresponden ao IVE (21%); e un prazo de execución de 3 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.





2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: ANTAS DE ULLA.- Construción do Parque Central de Galicia en Nugallás.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 25/02/2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CUKA5N4ZYT7ESYBOX6X2QOQ<sup>7</sup>.

---

<sup>7</sup> Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: ANTAS DE ULLA.- Construción do parque central de Galicia en Nugallás, con CSV: IV7CUKDZBNPM7OPICFHBGHQP4E.

Informe de Supervisión, emitido polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos en data 20/12/2021, con CSV: IV7CU3P32A5ILD56VHFGLTWOE.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7CUKCOJQV2TKXJWQAC6B2DC4.

Informe de viabilidade urbanística.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7CUPQNH4PJ32HISBNEPYBCAA.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7CUPQ7BQ6TXXWK67XFMR3VAM.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CUMDCNA5YKTOSYZG4H7YCKA.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 30/12/2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7CVTSONE74YTFJC5VWCRDWEQ.

Publicación, o día 30/12/2021, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 17/01/2022, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e oferta técnica (sobre B), con CSV: IV7CQCJSJEBK7REI5TX5KZPTKU.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres "A" (documentación administrativa),



resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adjudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, que contén a memoria técnica relativa á execución da obra, criterio cuantificable mediante xuízo de valor, nos termos expresados no PCAP. Unha vez abertos, a mesa acordou, por unanimidade, remitir ao Servizo de Medio Ambiente ditos arquivos, para que sexan revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no indicado PCAP.

Acta da Mesa de Contratación CSV: IV7C42QTZAG3TNJ5UAHWKUDWEQ, reunida en acto público con data 07/02/2022, dando conta do informe emitido polo Servizo de Medio Ambiente, en relación coas puntuacións alcanzadas coa valoración dos criterios de adjudicación avaliados mediante xuízo de valor, con CSV: IV7CSOTCBIW7YSO63R6QEYHTMM, e incorporado ao expediente e do que resultan as puntuacións seguintes:

EMPRESAS / (GRUPO)		DOC "A"	TOTAL PUNTOS CRITERIOS XUIZO VALOR
1	ALVALC GALICIA		7,5
2	CALFENSA PROYECTOS SL		25
3	UTE: OVISA – PROBISA PARQUE NUGALLÁS		15

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “C”, que conteñen a oferta dos criterios avaliados mediante fórmulas ou valores automáticos, cos seguintes resultados:

ANTAS DE ULLA - CONSTRUCCIÓN DO PARQUE CENTRAL DE GALICIA EN NUGALLÁS (EX0240B21AB)

ORZAMENTO BASE

LICITACIÓN (IVE incluído)

1.398.577,27	
1.155.848,98	242.728,29

IVE.  
PARTIDA  
INDEPEND

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

C-2-1 // C-4-1 // C-6-1 // K-6-1  
6 MESES

EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	PREZO ( IVE incluído - art 102 ) (50)	REDUCCIÓN PRAZO EXEC 1 MES (SI /NO) (5)	AMPLIACIÓN PRAZO GARANTIA (MAX 60)(10)	OBJETIVOS (75)							CRITERIO DESEMPEATE	
					MELLORAS (10)								
					MELLORA 1	MELLORA 2	MELLORA 3	MELLORA 4	MELLORA 5	MELLORA 6	MELLORA 7		Plantel / Discapacitados
1	ALVALC GALICIA	1.295.815,98 €	SI	12,00	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	431/14
2	CALFENSA PROYECTOS SL	1.335.641,29 €	SI	60,00	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	74/2
3	UTE: OVISA- PROBISA PARQUE NUGALLAS	1.290.707,00 €	SI	60,00	NO	NO	NO	NO	NO	NO	NO	NO	203/6

Durante a apertura das ofertas, na da mercantil Calfensa Proyectos SL, detéctase erro aritmético no redondeo na suma total da oferta, (en 0,02 euros), polo que ao tratarse dun mero erro aritmético, a mesa corríxeo e inclúe o importe correcto no cadro precedente, seguindo así os mesmos criterios que en casos similares acaecidos con anterioridade e en base igualmente a diversos pronunciamentos dos TARC. (Castilla Leon- Resolución 43 e 44/2014 de 5 de xuño; TACRC de 25 de abril, resolución 334/2014).

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	OBJECTIVOS (75)																				TOTAL
	PREZO (50)		REDUCCION PRAZO EXECUCIÓN		AUMENTO PRAZO GARANTÍA		OUTROS														
	OFERTA (INCLUIDO IVA)	PTOS	MESES (MAX 1) (6)		MESES MAX 60 (10)		MELLORAS (10)														
		MES (s/mo)	PTOS	MESES MAX 60	PTOS	MELLORA 1 (1,25)	PTOS	MELLORA 2 (1,25)	PTOS	MELLORA 3 (1,25)	PTOS	MELLORA 4 (1,25)	PTOS	MELLORA 5 (1,25)	PTOS	MELLORA 6 (2,5)	PTOS	MELLORA 7 (1,25)	PTOS		
1 ALVAC GALICIA	1.295.815,9€	47,63	SI	5,00	12,00	2,00	SI	1,25	SI	1,25	SI	1,25	SI	1,25	SI	1,25	SI	2,50	SI	1,25	64,63
2 CALFENSA PROYECTOS SL	1.335.641,2€	29,17	SI	5,00	60,00	10,00	SI	1,25	SI	1,25	SI	1,25	SI	1,25	SI	1,25	SI	2,50	SI	1,25	54,17
3 UTE: OVISA-PROBISA PARQUE NUGALLAS	1.290.707,0€	50,00	SI	5,00	60,00	10,00	NO	0,00	NO	0,00	NO	0,00	NO	0,00	NO	0,00	NO	0,00	NO	0,00	65,00

Unha vez obtidas as puntuacións referidas aos criterios cuantificables mediante formulas, e sumados a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación avaliados mediante xuízo de valor, as empresas presentadas alcanzan a seguinte puntuación:

EMPRESAS / (GRUPO)	PUNTOS CRITEIROS XUIZO VALOR	PUNTOS CRITERIOS AUTOMATICOS	TOTAL PUNTOS
1 ALVAC GALICIA	7,5	64,63	72,13
2 CALFENSA PROYECTOS SL	25	54,17	79,17
3 UTE: OVISA-PROBISA PARQUE NUGALLAS	15	65,00	80,00

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS	OFERTA	% BAIXA
1 ALVAC GALICIA	1.295.815,98 €	7,35%
2 CALFENSA PROYECTOS SL	1.335.641,29 €	4,50%
3 UTE: OVISA-PROBISA PARQUE NUGALLAS	1.290.707,00 €	7,71%

  

MEDIA	1.307.388,09
BAIXA DESPROPORCIONADA	1.176.649,28
10% ARRIBA	1.438.126,90



Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

	EMPRESAS / (GRUPO)	TOTAL PUNTOS
1	UTE: OVISA – PROBISA PARQUE NUGALLÁS	80,00
2	CALFENSA PROYECTOS SL	79,17
3	ALVAC GALICIA	72,13

Requirir á UTE: Ovisa- Probisa Parque Nugallás, para que, dentro do prazo de 5 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 53.335,00 euros, que supón o 5% do prezo de adjudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 10/02/2022, con CSV: IV7C4AJ4J5MK3FMDVVX46NQAKE, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á UTE: Ovisa- Probisa Parque Nugallás para que dentro do prazo de cinco hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 14/02/2022, rematando o prazo de presentación o día 21/02/2022. A UTE: Ovisa- Probisa Parque Nugallás, presentou a documentación requirida o 20/02/2022 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 25/02/2022, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa UTE: Ovisa-Probisa Parque Nugallás presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, achegando incluso copia da escritura da UTE, denominada Ovisa-Probisa Parque Nugallás de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á denominada UTE Ovisa- Probisa Parque Nugallás (Ovisa Pavimentos y Obras SLU – Probisa Vías y Obras SLU) representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro con DNI \*\*\*7191\*\*, a contratación da obra denominada ANTAS DE ULLA.- Construción do Parque Central de Galicia en Nugallás no prezo de 1.290.707,00 €, dos cales 224.007,00€ corresponden ao IVE (21%); con un prazo de garantía de 72 meses (12 obrigatorios + 60 oferta) e un prazo de execución de 5 meses. (6 proxecto– oferta redución de 1 mes), nos termos indicados no PCAP relativos á disposición das habilitacións e autorizacións necesarias para a execución da obra.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía e a redución do prazo de execución, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.



Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á denominada UTE Ovisa- Probisa Parque Nugallás (Ovisa Pavimentos y Obras SLU – Probisa Vías y Obras SLU) con CIF U09803347, representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro con DNI \*\*\*7191\*\*, a contratación da obra denominada ANTAS DE ULLA.- Construción do Parque Central de Galicia en Nugallás conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno de data 30/12/2021, baixo a condición suspensiva da efectiva disposición das habilitacións necesarias e autorizacións administrativas pertinentes para o inicio das obras, en especial a aprobación do plan parcial, momento a partir do cal se notificará ó adxudicatario o prazo para formalizar o contrato administrativo.

As condicións da oferta da adxudicataria, a executar unha vez cobre eficacia o acordo de adxudicación e verificados as condicións derivadas da comprobación do replanteo, son as seguintes, segundo ten formulada a UTE: Ovisa- Probisa Parque Nugallás:

Prezo de adxudicación de 1.290.707,00 €, dos cales 224.007,00€ corresponden ao IVE (21%).

Prazo de garantía de 72 meses (12 obrigatorios + 60 oferta).

Prazo de execución de 5 meses. (6 proxecto– oferta redución de 1 mes).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía e a redución do prazo de execución, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez cobre eficacia a adxudicación.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2021.**





**Primeiro.-** *Escrito do Concello de Oourol, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 188 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Oourol, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (188) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Oourol presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
OOUROL	188	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO AOS NUCLEOS DE CAMBA, BORREIROS, MOSCALLOS, VILAVERDE, BESTERREXUSFE, A CERNADA, TOXOSO, OS CAMPOS, OS TEIXOS, CHAO DE GBRAVOS, CAMPODAIRA, A FERRERÍA E PENASEIXO, INCLÚIDO HONORARIOS	1532.76201	28.076,86€

Por escrito de data 25/02/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
OOUROL	REM	ACONDICIONAMENTO PISTA EN O BUIO (AS LOBEIRAS-MIÑOTOS)	1532.76201	29.164,91 €	28.076,86€	57.241,77€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os



investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

**Conclusión.**

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Oourol, no Plan Único 2021”.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Oourol e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
OUROL	REM	ACONDICIONAMENTO PISTA EN O BUIO (AS LOBEIRAS-MIÑOTOS)	1532.76201	29.164,91 €	28.076,86€	57.241,77€

**2º.-** Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Escrito do Concello de Pantón, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 208 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pantón, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (208) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.



Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Pantón presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
PANTÓN	208	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE VIA DE ACCESO Á PISCINA MUNICIPAL	1532.76201	3.777,18€

Por escrito de data 25/02/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PANTÓN	REM	MELLORA DA ESTRADA LOCAL SANTIAGO DE CASTRILLÓN	1532.76201	---	3.777,17€	3.777,17€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Pantón, no Plan Único 2021”.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Pantón e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PANTÓN	REM	MELLORA DA ESTRADA LOCAL SANTIAGO DE CASTRILLÓN	1532.76201	---	3.777,17€	3.777,17€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN 2022.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resulta obriga de tódolos poderes adxudicadores elaborar e publicar un plan anual de contratación.

Con data 15 de novembro de 2021 remitiuse aos diversos Servizos e Unidades desta Deputación unha solicitude de datos que permita elaborar dito plan, que resulta obrigatorio aos efectos do previsto no artigo 28.4 da LCSP 9/2017 de 8 de novembro.



Téñense recabado os seguintes datos:

SERVIZO	OBXECTO	CPV	TIPO DE CONTRATOSERVIZO	PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN
ARQUITECTURA	SUBMINISTRACIÓNS GASÓLEO C		SUBMINISTRACIÓN	32826,45
ARQUITECTURA	SUBMINISTRACIÓN AUGA EMBOTELLADA		SUBMINISTRACIÓN	826,45
ARQUITECTURA	SERVIZOS DE MANTEMENTO (MANTEMENTO CENTROS TRANSFORMACIÓN; DESRATIZACIÓN, DESINFECCIÓN E DESINSECTACIÓN; MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE EDIFICIOS: PAVILLÓN 4, CAPELA DE SANTA MARÍA, PAZO DOS DEPORTES E PAVILLÓN ANEXO, ESCOLA DE PIRAGUISMO, MUSEO PROVINCIAL, SAN PAIO DE NARLA, MUSEO DO MAR E PAZO DE TOR)		SERVIZO	125645,05
ARQUITECTURA	SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS DETECTADAS POR O.C.A. (INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS, INSTALACIÓNS TÉRMICAS, INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS)		OBRA	198347,11
ARQUITECTURA	OCAS (PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS, INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS, INSTALACIÓNS TÉRMICAS)		SERVIZO	15371,90
ARQUITECTURA	OBRAS DE REPARACIÓN E ADECUACIÓN DE INSTALACIÓNS PROVINCIAIS.		OBRA	1407315,42
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	PRESTACIÓNS CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE TRABADA E RIBADEO	75310000-2 85121252-4 85300000-2 85311000-2 85311100-3	SERVIZO	1440799,90
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	PRESTACIÓNS CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE POL E PEDRAFITA DO CEBREIRO	75310000-2 85121252-4 85300000-2 85311000-2 85311100-3 85312100-0	SERVIZO	1445187,50
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	PRESTACIÓNS CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE FONSAGRADA E CASTROVERDE	75310000-2 85121252-4 85300000-2 85311000-2 85311100-3 85312100-0	SERVIZO	1361538,46
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	PRESTACIÓNS CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE MEIRA	75310000-2 85121252-4 85300000-2 85311000-2 85311100-3 85312100-0	SERVIZO	764418,27
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	PRESTACIÓNS CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE NAVIA DE SUARNA E RIBAS DE SIL	75310000-2 85121252-4 85300000-2 85311000-2 85311100-3 85312100-0	SERVIZO	1347692,31
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	GLP CAM (7 CENTROS)	09122000-0 09134000-7	SUBMINISTRO	431600,00
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	GAS PROPANO COMERCIAL CANALIZADO NO CAM MEIRA	09122100-1	SUBMINISTRO	72000,00
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	INSTALACIÓNS TÉRMICAS E LEXIONELOSIS CAM	50700000	SERVIZO	141872,00
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	ASCENSORES E PORTAS AUTOMÁTICAS CAM	50750000 50710000	SERVIZO	46900,00
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	INCENDIOS CAM	50413200-5	SERVIZO	48612,50
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	EQUIPAMENTO RIBAS DE SIL	39000000-2 33000000-0 39291000-8 39515000-5	SUBMINISTRO	330000,00
BENESTAR SOCIAL E IGUALDAD	EQUIPAMENTO COCIÑA NAVIA DE SUARNA	3914100-2	SUBMINISTRO	330000
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	CONSTRUCCIÓN DO CAM GUITIRIZ	45215000-7	OBRAS	1900000,00
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	PROGRAMA DE XESTIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES		MIXTO	50000,00
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	LIMPEZAS CAM NAVIA DE SUARNA E RIBAS DE SIL		SERVIZO	9000,00
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	SUBMINISTRO MATERIAL PEDAGOGICO CAMS		SUBMINISTRO	8000,00
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	SUBMINISTRO DE ARTIGOS DE LIMPEZA HOSPITALARIA CAM		SUBMINISTRO	10000,00
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	SUBMINISTRO ARTIGOS PREPARACIÓN ALIMENTARIA CAM		SUBMINISTRO	14500,00

SERVIZO	OBXECTO	CPV	TIPO DE CONTRATOSERVIZO	PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN
BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	INSTALACIÓN CENTRAL AMPLIFICADORA E ADQUISICIÓN DE TV CAM		SUBMINISTRO	13500,00
CENTRAD / LUGAR DE REQUE	AXARDINAMENTO PERMACULTURAL: REDACCIÓN PROXECTO EXECUCIÓN, XEFE DE OBRA E COORDINADOR DE SEGURIDADE DO PROXECTO.		SERVIZO	69300,00
CENTRAD / LUGAR DE REQUE	<p>FORMACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- TALLER DE PODA</li> <li>- CURSO DE XABÓNS E COSMÉTICA NATURAL (FORMACIÓN E LOXÍSTICA).</li> <li>- ALIMENTACIÓN CONSCIENTE (FORMACIÓN E LOXÍSTICA)</li> <li>- RECOÑECIMENTO DE PRANTAS SILVESTRES COMESTIBLES .</li> <li>- CONSTRUCCIÓN DE ESTUFAS DE ALTO RENDEMENTO.</li> <li>- CREACIÓN DE HOTEIS PARA INSECTOS.</li> <li>- CREACIÓN DE HORTAS EN PERMACULTURA.</li> <li>- FORMACIÓN PARA A ACREACIÓN DE ESPIRAIS DE PRANTAS AROMÁTICAS.</li> <li>- CONSTRUCCIÓN ESPIRAL DE PRANTAS AROMÁTICAS (PROFESIONAIS).</li> <li>- CREACIÓN CAMIÑO SENSORIAL ( MATERIAS E LOXÍSTICA)</li> <li>- CONSTRUCCIÓN CAMIÑO SENSORIAL (PARA PROFESIONAIS)</li> <li>- BIOCONSTRUCCIÓN</li> </ul>		SERVIZO	13050,00
CENTRAD / LUGAR DE REQUE	PROXECTO "TECER PARA INTEGRAR"(DEMOSTRACIÓNS E CHARLAS DEMOSTRACIÓNS)		SERVIZO	2400,00
CENTRAD	PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DE ARTESANÍA DESTINADOS Á ANPAS, CONCELLOS E ASOCIACIÓNS DA PROVINCIA		SERVIZO	38000,00
CENTRAD	DÍAS EUROPEOS DE ARTESANÍA (FORMACIÓN E DECORACIÓN)		SERVIZO	5700,00
CENTRAD	CELME DE ZANFONA (CONFERENCIAS, FORMACIÓN E DESEÑO GRÁFICO)		SERVIZO	24.000,00 €
CENTRAD / LUGAR DE REQUE	PROGRAMA " LUGO E ARTESANÍA" (CHARLAS-DEMOSTRACIÓNS E SERVIZO DE GUÍA TURÍSTICO)		SERVIZO	10000,00
CENTRAD	ARTESANFROILÁN 2022 (ALUGUER, MONTAXE E ROTULACIÓN DE STANDS)		SERVIZO	14999,00
CENTRAD	MERCADO DE NADAL 2022 ( ALUGUER E MONTAXE DE CASETAS, DECORACIÓN E CONSUMO ELÉCTRICO).			17500,00
CENTRAD	FESTIVAL ECOFAMILIAR (ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS, LOXÍSTICA, DECORACIÓN E ALUGUER DE POSTOS)			3600,00
CENTRAD / LUGAR DE REQUE	XORNADAS DE ECONOMÍA SOCIAL (CONFERENCIAS, LOXÍSTICA, TALLER DE RECICLADO DE PLÁSTICOS, ALUGUER DE JAIMA E POSTOS E DINAMIZACIÓN ARTÍSTICA)			2900,00
CENTRAD / LUGAR DE REQUE	PROXECTO COMUNITARIO : "CÍRCULO DE LUME E PEDRAS" (CONFERENCIAS E DINAMIZACIÓN DO EVENTO PRINCIPAL)			800,00
CENTRAD / LUGAR DE REQUE	CONTIDOS AUDIOVISUAIS SOBRE AS ACTIVIDADES DESENVOLTAS		SERVIZO	14999,00
CENTRAD / LUGAR DE REQUE	REALIZACIÓN DE VÍDEOS PARA CANLE YOUTUBE SOBRE A PERMACULTURA NO REQUE.		SERVIZO	14999,00
CENTRAD / LUGAR DE REQUE	ARRANXO DE MAQUINARIA DO TALLER DO MOBLE		SERVIZO	700,00 €
CENTRAD	IMPRESIÓN LÁMINAS DE ROSALÍA DE CASTRO			600,00 €
CENTRAD	CONCERTOS NO CENTRAD			14999,00
CENTRAD	EXPOSICIÓNS DIDÁCTICAS ARREDOR DA MÚSICA TRADICIONAL			2500,00
MEMORIA HISTÓRICA	PUBLICACIÓNS MEMORIA HISTÓRICA			2500,00
NOVAS TECNOLOXÍAS	SUBMINISTRO DA RENOVACIÓN DAS LICENCIAS DE SOFTWARE ANTIVIRUS PARA EQUIPOS DE POSTOS DE TRABAÑO DA DEPUTACIÓN DE LUGO	72268000-1 48760000-3 48761000-0	SUBMINISTRO	23000,00
NOVAS TECNOLOXÍAS	IMPLANTACIÓN DE FERRAMENTAS, SERVIZOS E MELLORAS DOS SISTEMAS DE PROTECCIÓN E PREVENCIÓN DE CIBERATAQUES	72590000-7 72810000-1 48732000-8 30210000-4	MIXTO: SERVIZO E SUBMINISTRO	165289,26
COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS	BASES DE DATOS ARANZADI INSTITUCIONES 2022-2023	79980000-7	SUBMINISTRO	20885,00
COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS	SERVIZO MANTEMENTO E SOPORTE, EXERCICIO 2022 DO PROGRAMA WINTASK SICAL	72212443-6	SERVIZO	1635,38
COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS	ACCESO AOS CONTIDOS, FERRAMENTAS E SERVIZOS DA BASE DE DATOS CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO	79980000-7	SUBMINISTRO	3451,99
COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS	PLATAFORMA CORPORATIVA DE ESPÚBLICO	79980000-7	SUBMINISTRO	3930,12
COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS	PLAN DE SINALIZACIÓN DE ASENTAMENTOS POBOACIONAIS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO	34928470-3	SUBMINISTRO E OBRA	165289,26
CULTURA	PROGRAMACIÓN CULTURAL DÍA DA ILUSTRACIÓN		SERVIZO	24876,00
CULTURA	CULTURA PROGRAMACIÓN CULTURAL MES DE ROSALÍA		SERVIZO	42652,48
CULTURA	PROGRAMACIÓN CULTURAL 8M		SERVIZO	14876,03
CULTURA	CICLOS DE TEATRO: PROFESIONAL E AFECCIONADO		SERVIZO	115000,00





# DEPUTACIÓN DE LUGO

SERVIZO	OBXECTO	CPV	TIPO DE CONTRATASERVIZO	PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN
CULTURA	PROGRAMACIÓN CULTURAL: LETRAS GALEGAS, SERÁNS CULTURAIAS, CULTURA ABERTA, ULTURA SOBRE RODAS, OUTONOS CULTURAIAS, NADAL CULTURAL, CINE NA RÚA, 25N E MURALLA DE LETRAS		SERVIZO	256801,64
CULTURA	UNIVERSIDADE CAMPUS LUGO: ACTUACIÓN DESPEDIDA DE CURSO E PROGRAMA ESLABÓN CON INSTITUTOS		SERVIZO	4152,89
CULTURA	PROXECCIÓN EN 5 CONCELLOS DOS FILMES E DOCUMENTAIS FINALISTAS DOS PREMIOS MESTRE MATEO 2022 E PROXECCIONS COLOQUIO NOVAS PRODUCCIONS AUDIOVISUAL GALEGO.		SERVIZO	29814,05
CULTURA	PROMOCIÓN DA MÚSICA EN GALEGO		SERVIZO	5000,00
CULTURA	OBRADOIROS DE LINGUA GALEGA E PORTUGUESA		SERVIZO	4500,00
DEPORTES	PATROCINIO PUBLICITARIO DEPORTIVO DE EQUIPOS (SOCIEDADES ANÓNIMAS) DE CATEGORÍAS ESTATAIS DE FÚTBOL E BALONCESTO CO FIN DE PROMOCIONAR A MARCA A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE OU CALQUERA OUTRA MARCA/IMAXE/MENSAXE DA DEPUTACIÓN DE LUGO /PROVINCIA DE LUGO. CB BREOGÁN SAD DISCIPLINA BALONCESTO. ANUALIDADE 2022	79341000-6	SERVIZO	305000,00
DEPORTES	PATROCINIO PUBLICITARIO DEPORTIVO DE EQUIPOS (SOCIEDADES ANÓNIMAS) DE CATEGORÍAS ESTATAIS DE FÚTBOL E BALONCESTO CO FIN DE PROMOCIONAR A MARCA A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE OU CALQUERA OUTRA MARCA/IMAXE/MENSAXE DA DEPUTACIÓN DE LUGO /PROVINCIA DE LUGO. CD LUGO SAD DISCIPLINA FÚTBOL. ANUALIDADE 2022	79341000-6	SERVIZO	610000,00
DEPORTES	PATROCINIO PUBLICITARIO DEPORTIVO DO EVENTO DEPORTIVO VOLTA CICLISTA A GALICIA "O GRAN CAMIÑO" 2022	79341000-6	SERVIZO	100000,00
FORMACIÓN	PLAN AGRUPADO		SERVIZO	75000,00
FORMACIÓN	PLAN PROPIO		SERVIZO	43000,00
FORMACIÓN	PLAN INTERADMINISTRATIVO		SERVIZO	2000,00
FORMACIÓN	XORNADAS, CONGRESOS, ETC...		SERVIZO	8000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA NAVE PARA AS VACAS SECAS NA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO		OBRAS	25000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA O PECHER PERIMETRAL E CUBERTA DA FOSA DE PURÍNS EN CUMPRIMENTO DA NORMATIVA VIXENTE NA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO		OBRAS	40000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO SILO PARA O ENSILADO NA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO		OBRAS	40000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NA UNIDADE DE LEITE DA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO		OBRAS	24000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA O TRASLADO DE UBICACIÓN DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E A SÚA LEGALIZACIÓN		OBRAS	40000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA A REGULARIZACIÓN DAS ACOMETIDAS ELÉCTRICAS DA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN CUMPRIMENTO DA NORMATIVA VIXENTE		OBRAS	22000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DE SISTEMAS DE XESTIÓN INTEGRAL DAS INSTALACIONS E OS PROCESOS DA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO		SERVIZOS	35000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA O SUBMINISTRO DUN CARRO MEZCLADOR AUTOPROPULSADO PARA ELABORACIÓN DE MEZCLA UNIFEED PARA A ALIMENTACIÓN DO GANDO PARA A GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO		SUBMINISTROS	270000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DUNHA CISTERNA PARA A APLICACIÓN DE PURÍNS PARA A GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO		SUBMINISTROS	170000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA A ADECUACIÓN DA ZONA DE ALIMENTACIÓN PARA O SUBMINISTRO DE ALIMENTO PARA AS VACAS DE RAZA CACHENA DA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO		OBRAS	40000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA A MELLORA DAS CONDICIONS DE BENESTAR ANIMAL DOS CORREDORES DA UNIDADE DE LEITE DA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO MEDIANTE A INSTALACIÓN DE ALFOMBRAS DE GOMA		OBRAS	25000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN DE SERVIZOS EN GARANTÍA PARA O MANTEMENTO E REPARACIÓN DO CARRO MEZCLADOR DA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO		SERVIZOS	25000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA NAVE DE ALMACENAMENTO DE PRODUTOS AGRÍCOLAS NA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO		OBRAS	150000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA A ADECUACIÓN DA UNIDADE DE LEITE PARA A REDISTRIBUCIÓN EN LOTES DO GANDO VACÚN DE LEITE DA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO		OBRAS	40000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA A REPARACIÓN DAS CANALIZACIONS E OS SISTEMAS DE REGO NAS PARCELAS DA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO		OBRAS	40000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DE DIVERSOS SERVIZOS AGRÍCOLAS E GANDEIROS NA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO		SERVIZOS	89575,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA O ACONDICIONAMENTO DE LOCAIS DO ANTIGO PSIQUIÁTRICO PARA NAVES PARA O DEPÓSITO DE GASOIL, EXPOSICIÓN MAQUINARIA ANTIGA E		OBRAS	40000,00

SERVIZO	OBXECTO	CPV	TIPO DE CONTRATOSERVIZO	PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN
	TALLER DE REPARACIÓN DE PEQUEÑAS FERRAMENTAS DA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO			
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DA PLANTA DE BIOGÁS DO CENTRO DE RECRÍA DA GRANXA GAYOSO CASTRO		SERVIZOS	38000,00
GRANXA GAYOSO CASTRO	CONTRATACIÓN PARA A MELLORA DAS ACOMETIDAS ELÉCTRICAS NA UNIDADE DE LEITE DA GRANXA GAYOSO CASTRO		OBRAS	10000,00
REDE MUSEÍSTICA	GRÁFICA E MATERIAIS PARA A REALIZACIÓN DE EXPOSICIÓNS, UNIDADES DIDACTICAS E DESEÑOS COMUNICACIÓN E VISITAS INMERSIVAS (10 PROXECTOS)		SERVIZOS	50000,00
REDE MUSEÍSTICA	PROXECTO MUSEOLOXICO-MUSEOGRAFICO-ZONA DE CRIADAS PAZO DE TOR		MIXTO	50000,00
PARQUE MOBIL	SUBMINISTRO VEHÍCULOS E MAQUINARIA	34134200-7	SUBMINISTRO	289256,19
PARQUE MOBIL	SUBMINISTRO PNEUMÁTICOS	34350000-5	SUBMINISTRO	29752,06
PARQUE MOBIL	REPARACIÓN E MANTEMENTO DE MAQUINARIA E CAMIÓN	50110000-9	SERVIZO	44628,10
AREA DE PROMOCIÓN ECONOMÍA E EMPREGO	SUBSCRIPCIÓN DIARIO "EL PROGRESO". AÑO 2022			379,81
AREA DE PROMOCIÓN ECONOMÍA E EMPREGO	SUBSCRIPCIÓN DIARIO "LA VOZ DE GALICIA", EDICIÓNS LUGO, A MARIÑA E LEMOS. AÑO 2022			1318,27
AREA DE PROMOCIÓN ECONOMÍA E EMPREGO	RENOVACION PLATAFORMA AGENCIA DE COLOCACIÓN			1720,00
AREA DE PROMOCIÓN ECONOMÍA E EMPREGO	RENOVACION SUSCRIPCIÓN ARDAN			206,61
PROTOCOLO E RRII	ARTESANÍA DE GUNDIVÓS	92312000-1	SUBMINISTRO	4500,00
PROTOCOLO E RRII	ARTESANÍA DE SARGADELOS	92312000-1	SUBMINISTRO	8000,00
PROTOCOLO E RRII	ARTESANÍA DE REGAL	92312000-1	SUBMINISTRO	5000,00
PROTOCOLO E RRII	REGALO INSTITUCIONAL FACHADA SAN MARCOS	98390000-3	SUBMINISTRO	10000,00
PUBLICACIONES	XOGOS TRADICIONAIS	79800000-2 799700000-4 799700000-1		9615,38
PUBLICACIONES	FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA	79800000-2 799700000-4 799700000-1		5528,85
PUBLICACIONES	ESCOLAS DE RIBADEO	79800000-2 799700000-4 799700000-1		7692,31
PUBLICACIONES	SERVIZOS DE IMPRESIÓN E ENCADERNACIÓN	79800000-2 799700000-1		62500,00
PUBLICACIONES	POLOS FILLOS DOS FILLOS	22110000-4		1442,31
PUBLICACIONES	NÓS TAMÉN TEMOS HISTORIA	22110000-4		9615,38
PUBLICACIONES	AXENDA E CALENDARIO 2023	22120000-7		11538,46
PUBLICACIONES	MITOS E LENDAS DA RIBEIRA SACRA	22110000-7		1826,92
PUBLICACIONES	LIBROS INFANTÍS	22110000-7		4807,69
RECURSOS HUMANOS	SERVIZO DE MANTEMENTO DO CONTROL HORARIO		SUBMINISTROS	5600,00
RECURSOS HUMANOS	SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO DO SISTEMA DE INFORMACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS		SUBMINISTROS	8500,00
SECRETARIA	PRENSA LA VOZ DE GALICIA			415,00
SECRETARIA	PRENSA EL PROGRESO			385,00
SECRETARIA	COSITAL NETWORK			60,00
SECRETARIA	FUNDACIÓN DEMOCRACIA Y GOBIERNO LOCAL.			4.550,00
MEDIO AMBIENTE	MANTEMENTO SÍVICOLA E DA VÍA SECUNDARIA NA FINCA DE TOR	90500000		15.000,00
MEDIO AMBIENTE	MANTEMENTO DO MOBILIARIO DOS ESPAZOS VERDES DE TITULARIDADE PROVINCIAL	45233293-9		35.000,00
MEDIO AMBIENTE	ADQUISICIÓN DE UTENSILIOS E MATERIAIS NON INVENTARIABLES PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE CAMPO	44316400-2		3.000,00
MEDIO AMBIENTE	ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL	80540000		201.000,00
MEDIO AMBIENTE	LIMPEZA E SINALIZACIÓN DAS DISTINTAS RUTAS DE SENDEIRISMO E PASEOS	71400000-2		99.000,00
MEDIO AMBIENTE	TRABALLOS DE REHABILITACIÓN DOS CENTROS ETNOGRÁFICOS	45000000		15.000,00
MEDIO AMBIENTE	MONOTORIZACIÓN DO CAUDAL NO MAZO DE SANTA COMBA	45000000		6.000,00
MEDIO AMBIENTE	AQUISICIÓN DE MATERIAL DIDÁCTICO E MERCHANDISING RRBB	79822500		27.000,00
MEDIO AMBIENTE	PROMOCIÓN MARCAS RRBB	79952100-3		20.000,00
MEDIO AMBIENTE	RENOVACIÓN PÁXINAS WEB DAS RRBB	72212000-4		10.000,00
MEDIO AMBIENTE	REDACIÓN PROXECTOS FONDOS PRTR	71000000-8		15.000,00



SERVIZO	OBXECTO	CPV	TIPO DE CONTRATOSERVIZO	PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN
TURISMO	CONTRATOS DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA		SERVIZO	140275,80
TURISMO	CONTRATOS DE PATROCINIOS DE EVENTOS DE INTERESE TURÍSTICO PARA A PROVINCIA		PRIVADO	172943,50
TURISMO	PARTICIPACIÓN EN FEIRAS DE TURISMO		SERVIZOS	45.000,00
TURISMO	ADQUISICIÓN OBSEQUIOS PARTICIPANTES PROGRAMA COÑECE A TUA PROVINCIA		SUMINISTRO	56000,00
VÍAS E OBRAS	PROXECTOS DE REHABILITACIÓN DE FIRME AO LONGO DA REDE DE ESTRADAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	45233223-8	OBRAS	4276537,88
VÍAS E OBRAS	EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN E MANTENIMENTO DA VIALIDADE NA REDE VIARIA PROVINCIAL, ZONA 5. 2022-2024	50230000-6	SERVIZO	828259,34
XESTIÓN TRIBUTARIA, RECADACIÓN E INSPECCIÓN	SERVIZO DE APOIO, ASISTENCIA TÉCNICA E ADMINISTRATIVA Á INSPECCIÓN FISCAL NO EIDO DO IAE	79100000-5 79200000-6 71318000-0 71356200-0	SERVIZO	750000,00
CONTRATACIÓN E FOMENTO	CONTRATACIÓN PÓLIZA DE RESPONSABILIDAD CIVIL DE LAS AUTORIDADES Y DEL PERSONAL AL SEVICIO DE NÁS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS PARA LA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	66510000-8, 66516000-0	SERVIZO	51600,00
CONTRATACIÓN E FOMENTO	MEDIACIÓN E ASESORAMENTO PROFESIONAL PREPARATORIO DA ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS DE SEGUROS E REASEGUROS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO		SERVIZO	400,00
INTERVENCIÓN	ADQUISICIÓN E IMPLANTACIÓN MÓDULO CONTROL INTERNO NA DEPUTACIÓN PARA A APLICACIÓN DO RD 424/2017, DE 28 DE ABRIL.		SUBMINISTRO	15000,00
INTERVENCIÓN	SUBSCRICIÓN ANUAL PARA 2022 REVISTA "EL CONSULTOR DE LOS AYUNTAMIENTOS".			882,90
INTERVENCIÓN	SUBSCRICIÓN ANUAL A COSTAL NETWORK PARA 2022.			99,17
INTERVENCIÓN	SUBSCRICIÓN A PLATAFORMA HACIENDA LOCAL DE ESPUBLICO POR PERIODO 12 MESES .			8889,00
INTERVENCIÓN	SERVIZO DE MANTENIMENTO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA SICALWIN E FIRMADOC.		SERVIZO	7416,67

As referencias xenéricas engloban un conxunto de diferentes obxectos contractuais , que por sistemática se amparan baixo una denominación común dacordo co crédito habilitado na partida orzamentaria que respectiva, e que se contratan en función das necesidades ou segundo programación de cada unidade xestora, de tal xeito que seguirán o procedemento que corresponda coa súa tipoloxía, orzamento, obxecto e recorrencia temporal.

A referencia a cada un dos obxectos contractuais de xeito individualizado ou conxunto deberá de seguir no momento da súa contratación os principios e procedementos da Lei de Contratos do Sector Público, normativa de execución orzamentaria e calquera outra que resulte de aplicación con independencia da denominación outorgada por cada unidade xestora e que se plasma no seguinte plan anual de contratación.

Por canto antecede, propoño á Xunta de Goberno Local na consideración da súa condición de órgano de contratación para aprobación dos expedientes de contratación así como no exercicio súas funcións de asistencia á presidencia que adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación do plan anual de contratación para o ano 2022, da Deputación Provincial de Lugo, no que se recollen as previsións de contratación da Deputación no citado exercicio. Todo iso

condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes, a tramitación dos expedientes de contratación e o mantemento das necesidades que motivan a súa previsión no plan anual de contratación 2022.

2º.- Publicar o plan anual de contratación para o ano 2022 na Plataforma de Contratación del Sector Público e no Portal de transparencia desta Deputación.

3º.- Publicar o anuncio de información previa, de conformidade co establecido no artigo 134.2 da LCSP en relación co artigo 28.4 dos contratos suxeitos a regulación harmonizada previstos, unha vez completen os Servizos os datos que requira dito anuncio previo.

4º.- Dar traslado deste acordo ao Servizo de Intervención e ao Servizo de Contratación e Fomento e demais servizos implicados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **13.- PROPOSTA RELATIVA Á DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA PÚBLICA, DA VENDA DE LEITE CRU PRODUCIDA NA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:

“Con data 22.04.2021 o Deputado da Área de Recursos Sostibles, Roberto Fernández Rico, incoa o procedemento para a contratación da venda do leite producida na Graxa Gayoso Castro, determinando a súa xustificación e necesidade, instando á convocatoria do concurso público aos efectos da comercialización do leite cru que se produce na Granxa Gayoso Castro



Con data 27.12.2021 a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, aproba iniciar o procedemento de concorrencia pública por concurso de venda de leite cru producida na Granxa Provincial e aproba as cláusulas administrativas que rexerán o devandito procedemento.

Con data 13.01.2022 publícase a través do Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público o prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento, para a contratación mediante procedemento de concorrencia pública da venda de leite cru producida na Granxa Gayoso Castro.

Con data 26.01.2022, finalizado o prazo de presentación das ofertas, emítense Decreto no que se declara que a Mesa de Valoración constituirase o 03.02.2022 ás 12.00 horas, procedéndose na mesma data a apertura de sobres dos licitadores.

Con data 03.02.2022 réunese a Mesa de Valoración, dándose conta do contido da única proposta presentada ao presente procedemento subscrita pola Corporación Alimentaria Peñasanta, S.A, concluíndo “que a documentación administrativa exposta cumpre os requisitos esixidos para o presente procedemento admítase a referida documentación contida no sobre nº 1 e dáse conta do contido do sobre nº 2, que inclúe a documentación relativa á proposta económica e aos criterios avaliábles segundo o Anexo III e sobre a que a Mesa acorda solicitar informe á Directora da Granxa Provincial, para a súa valoración.”

Con data 17.02.2022 a Directora da Granxa Gayoso emite o devandito informe, no que conclúe “que a dita proposta económica non se axusta ao Modelo relativo ao anexo III. Modelo de proposición con criterios avaliábles automaticamente, nin ao disposto no Prego de Cláusulas que haberá de rexer na contratación, mediante concurso, de venda de leite cru producida na Granxa Provincial Gayoso Castro, con CVSIV7FGLT43UVLSXMKSP4DEE3W44, polo que se propón que a proposta non sexa admitida.”

Con data 21.02.2022 a Mesa de Valoración, por unanimidade dos seus membros, na que se inclúe a Intervención Provincial, acorda propoñer que se adopten os seguintes acordos:

Non admitir a proposta económica presentada polo licitador en relación co contrato de Adxudicación, mediante concurso, da recollida e venda de leite crú producida na Granxa Provincial Gayoso Castro dependente da Deputación Provincial de Lugo (Expte nº 2021/XEC\_01/000130).

Sendo Corporación Alimentaria Peñasanta, SA, o único licitador presentado, declarar deserto o procedemento para a adxudicación, mediante concurso, da recollida e venda de leite crú producido na Granxa Provincial Gayoso Castro dependente da Deputación Provincial de Lugo.

Dar conta ao interesado Corporación Alimentaria Peñasanta, SA. do acordo.

Elevar levar ao órgano de contratación competente a proposta.

Visto o Informe da Secretaría Xeral. Sección de Patrimonio de data 07 de marzo de 2022, con CSV IV7CYHTSD5G6T65YQFMHAIBXCQ que considera axustadas ao prego reitor do procedemento as conclusións da Mesa de Valoración para a formulación da proposta de declaración de deserto do procedemento.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Declarar deserto do procedemento de concorrencia pública da venda de leite cru producida na Granxa Provincial Gayoso Castro.

2º.- Notificar ao interesado o presente acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA SOBRE A DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDUREMTO DE ALLEAMENTO DE PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL, PROPIEDADE DA DEPUTACIÓN DE LUGO, MEDIANTE POXA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria, celebrada o día 14 de xaneiro de 2022, aprobou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “O Pousadoiro” no Concello de Oourol e no Polígono Industrial do Concello de Paradela, mediante poxa, así como o prego de cláusulas administrativas que rexerían este procedemento e proceder á publicación das bases que regularán o presente procedemento de alleamento.

O prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento, para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “O Pousadoiro” no Concello de Oourol e no Polígono Industrial do Concello de Paradela foi publicado a través do Perfil do Contratante da Deputación de Lugo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), na data de 20 de xaneiro de 2022.

Polo exposto e vista a Acta da reunión da Mesa de Valoración, celebrada en data de 15 de febreiro de 2022, con CSV IV7C5WZLN15LITWZ5U4RKFKBMM e o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 18 de febreiro de 2022, con CSV IV7C6UB5MBPJ3L6KUYX5J5DHGE, proponse á Xunta de Goberno:

**1º.-** Declarar deserto o procedemento convocado para o alleamento, mediante poxa, das parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “O Pousadoiro” no Concello de Oourol e no Polígono Industrial do Concello de Paradela ao non recibirse ofertas para concorrer a este procedemento.

**2º.-** Declarar que as parcelas ofertadas neste procedemento e que figuran relacionadas no prego reitor do procedemento, poderán ser obxecto de alleamento, mediante adxudicación directa, polo prezo tipo que figura no citado prego.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **15.- COMPARECENCIA NO PROCEDIMIENTO ORDINARIO Nº 438/2021.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Vista a Cédula de Citación relativa ao Procedemento Ordinario 438/2021 seguido ante o Xulgado do Social nº1 de Lugo por D. José Antonio Montero Barrera fronte á Deputación e fronte a Empresa de Transformación Agraria, S.A. (TRAGSA) en materia de recoñecemento de dereito (subrogación), para que comparezan ante o dito Xulgado o día 21 de novembro de 2022, ás 10.40h, como partes demandadas.

Visto o anterior, proponse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado.

2º.- A remisión, de ser necesario, do expediente ao Xulgado do Social nº1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora necesario.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **16.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 65/2022.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo do recurso nº65/2022 interposto pola entidade Mapfre España, S.A. fronte á desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada fronte á Deputación en data 5 de novembro





de 2021 “a causa de un accidente de tráfico de fecha 31 de Julio de 2021, en la carretera LU-P-1611, cuando pilotaba D. Emilio Durán Fernández el vehículo Renault Grand Scenic 1.9, matrícula 3249-\*\*\*, asegurado en Mapfre, al irrumpir súbitamente un corzo en la calzada, sufriendo importantes daños materiales el turismo”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

#### **18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.